



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Número 125
29 de novembro de 2024



CSV: BOPGDSPG-Nh1LX4y2q-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

Aprobación por unanimidade sen modificacións

I 13401 (12/PNC-001278)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Varela Fernández, Katherinie e dez deputados/as máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación co proxecto de construción da conexión entre o porto seco de Monforte e as estradas N-120 e LU-933

[51090](#)

Rexeitamento das iniciativas

I 3630 (12/PNC-000458)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre as accións que debe levar adiante a Xunta de Galicia verbo da colaboración e coordinación coa Administración local no que concirne á mellora da xestión de residuos

[51090](#)

I 5305 (12/PNC-000639)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e dous deputados/as máis

Sobre determinadas accións que o Goberno galego debe levar adiante no que concirne á protección ambiental da enseada de San Simón, no interior da ría de Vigo

[51091](#)

COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

Aprobación sen modificacións

I 14071 (12/PNC-001375)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 8 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que continúe desenvolvendo accións no terreo do emprendemento como medio de afrontar o reto demográfico e fixar poboación no territorio

[51091](#)



Aprobación con modificacións

I 14402 (12/PNC-001408)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e oito deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central respecto da situación producida polo fracaso das negociacións do concerto de Muface coas aseguradoras [51091](#)

Aprobación por unanimidade sen modificacións

I 11134 (12/PNC-001057)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as accións que debe impulsar a Xunta de Galicia en relación co servizo de hospitalización a domicilio (Hado) [51092](#)

Rexeitamento das iniciativas

I 9823 (12/PNC-000939)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que se reúna co alcalde de Cambados para procurar unha nova residencia pública de maiores para este concello e a súa comarca [51093](#)

I 14669 (12/PNC-001435)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e tres deputados/as máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que adquira o pazo de Montesacro, situado no concello de Cambados, e manteña o seu uso socioasistencial [51093](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

I 14567 (12/PRE-002859)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Castro García, Daniel

Sobre os recursos e o funcionamento dos centros residenciais docentes (CRD) existentes en Galicia e as previsións da Xunta de Galicia verbo dunha eventual mellora dos servizos que prestan ao alumnado que reside neles [51101](#)

I 14577 (12/PRE-002860)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 3 máis



Sobre os prazos, o financiamento e as actuacións do Goberno galego para a materialización do seu compromiso de construción dunha senda peonil e ciclista entre Camposancos e A Guarda [51105](#)

I 14587 (12/PRE-002862)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e 2 máis

Sobre o modelo de dixitalización da aprendizaxe no ensino, o diálogo do Goberno galego coa comunidade educativa nesta materia e o balance do funcionamento do proxecto E-dixgal [51109](#)

I 14580 (12/PRE-002863)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a adxudicación de contratos menores á empresa Dos Espacios Internet Consulting S. L. por parte da Axencia de Turismo de Galicia [51115](#)

I 14614 (12/PRE-002864)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia verbo da finalización da senda peonil Vilaúde-O Reirado, entre os concellos de Alfoz e do Valadouro, e as razóns de que esta infraestrutura non estea xa rematada [51118](#)

I 14621 (12/PRE-002865)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Carreira Pazos, Iria

Sobre a actividade actual do Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galicia e a posibilidade de impulsar unha mellora desta ferramenta de participación da mocidade galega nas políticas que lle atinxen [51121](#)

I 14624 (12/PRE-002866)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da posibilidade de incrementar as actividades do Centro Sociocomunitario de Ponte Pelamios, en Ourense, e as razóns do seu peche nas fins de semana e nos días festivos [51124](#)

I 14644 (12/PRE-002867)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre a situación do transporte sanitario urxente terrestre no Salnés e as previsións da Xunta de Galicia respecto dun reforzamento no verán da presenza de ambulancias medicalizadas (SVA) e da dotación médica destas unidades [51128](#)

I 14664 (12/PRE-002868)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Font, Carlos e Abalde Alonso, Julio Ernesto



Sobre o grao de avance no proceso de reversión ao dominio municipal da titularidade dos terreos portuarios sen utilización marítimo-pesqueira e os problemas urbanísticos derivados do seu atraso ou paralización [51131](#)

I 14689 (12/PRE-002870)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre as previsións da Xunta de Galicia ante a venda do pazo de Montesacro, no concello de Cambados, inmovible que posúe un valor histórico-patrimonial e que ten actualmente un uso socioasistencial

[51136](#)

I 14702 (12/PRE-002871)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a oferta en Ourense canto a centros sociocomunitarios, as razóns do peche en fins de semana e festivos do centro de Ponte Pelamios e as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto dunha eventual mellora ao respecto

[51142](#)

I 14717 (12/PRE-002872)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

Sobre as mudanzas na Lei de servizos sociais de Galicia a través da Lei de acompañamento dos orzamentos para 2025 e a pertinencia da consulta previa ao Consello Galego de Benestar e do reforzamento dos equipos de valoración e orientación

[51144](#)

I 14723 (12/PRE-002873)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre o balance do Bono Deporte como medida de fomento da actividade deportiva e o futuro desta axuda cara ao vindeiro 2025

[51148](#)

I 14735 (12/PRE-002874)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego respecto do desenvolvemento na actual lexislatura da vía de acceso ao porto da Guarda, as partidas orzamentarias dedicadas e o diálogo cos sectores afectados e os axentes implicados na execución desta infraestrutura

[51150](#)

I 14771 (12/PRE-002875)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego no que atinxe á recuperación e posta en valor do patrimonio industrial do poboado mineiro de Fontao, en Vila de Cruces, e ás actuacións destinadas a comunicar este núcleo residencial coa súa contorna

[51153](#)

I 14780 (12/PRE-002876)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a situación da asistencia médica no Centro de Saúde do Páramo e as previsións da Xunta de Galicia canto ao mantemento das dúas prazas actuais de persoal facultativo das que dispón o seu cadro sanitario [51157](#)

I 14786 (12/PRE-002877)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a situación laboral da poboación inmigrante en Galicia e as políticas que prevé poñer en marcha o Goberno galego nesta materia [51160](#)

I 14791 (12/PRE-002878)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre a situación do CPI Atios, de Valdoviño, e as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe ao servizo de comedor e á súa dotación docente, singularmente de profesorado de apoio e especialista en pedagogía terapéutica [51163](#)

I 14795 (12/PRE-002879)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre o traballo levado a cabo pola Xunta de Galicia para materializar os dereitos das persoas dependentes establecidos na Lei de autonomía persoal [51166](#)

I 14804 (12/PRE-002880)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre as medidas que o Goberno galego prevé adoptar co fin de incentivar a participación da cidadanía nas comunidades enerxéticas locais e de impulsar o autoconsumo compartido [51169](#)

I 14810 (12/PRE-002881)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a xestión das listas de desemprego por parte da Xunta de Galicia, a configuración dos itinerarios personalizados para as persoas demandantes, a planificación da formación consonte estes itinerarios e a dotación de medios das oficinas de emprego [51172](#)

I 14823 (12/PRE-002882)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre a situación en Galicia dos transexuais no que atinxe á súa integración no mercado laboral e na administración pública, así como á desinformación en relación con este colectivo e coa realidade LGBT en xeral [51175](#)



1.4.4.3.1. Preguntas para resposta por escrito reconvertidas en preguntas orais en comisión

Admisión da solicitude, asignación a Comisión e publicación do acordo

■ 11361 (12/PRE-002543)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana, e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as previsións que ten o Goberno galego respecto da dotación de persoal docente e coidador dos centro educativos do concello de Boiro, e especialmente daquel orientado á atención ao alumnado con necesidades especiais [51096](#)

1.4.5. Respostas a preguntas

Coñecemento da resposta, remisión ás deputadas e aos deputados e publicación

■ 14680 - 6549 (12/PRE-000684)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre os indicadores que serven de base para fixar os prezos de venda e renda das vivendas de protección autonómica, o impacto do seu incremento no mercado libre e na accesibilidade e función social destas vivendas, así como sobre as medidas previstas pola Xunta para axustar os prezos de construción da vivenda protexida [51178](#)

■ 14696 - 6673 (12/PRE-000698)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e 2 máis

Sobre a eventual ampliación dos proxectos en marcha relativos á conexión ferroviaria da PLISAN (Plataforma Loxística Industrial de Salvaterra-As Neves) para incluír tamén o transporte de viaxeiros [51180](#)

■ 14695 - 11272 (12/PRE-002535)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a situación do servizo público de transporte no inicio do curso escolar e as medidas que prevé adoptar o Goberno galego dirixidas ás empresas concesionarias para o cumprimento rigoroso dos contratos e a favorecer a competencia no sector [51182](#)

■ 14694 - 11406 (12/PRE-002549)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a situación do transporte público autonómico neste principio de curso, nomeadamente na liña Cangas-Pontevedra, e as medidas previstas polo Goberno galego para exixir o cumprimento dos contratos coas concesionarias e favorecer a competencia [51185](#)

■ 14707 - 11880 (12/PRE-002595)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago



Sobre o fomento da cooperación e colaboración dos concellos para a prestación dos servizos públicos e a mellora da eficiencia na xestión dos seus recursos e do seu financiamento, así como sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia ante as dificultades económicas da Administración local

[51188](#)

I 14679 - 11941 (12/PRE-002602)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Insua Lema, Óscar

Sobre as achegas da Xunta de Galicia ás entidades locais para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento en espazos acuáticos

[51191](#)

I 14693 - 12194 (12/PRE-002621)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 2 máis

Sobre os problemas xurdidos na ruta de autobús entre Vilamartín de Valdeorras e o IES Cosme López Rodríguez, da Rúa, coas modificacións de itinerarios e os consecuentes cambios horarios para o alumnado do instituto dependente desa liña

[51194](#)

I 14678 - 12264 (12/PRE-002628)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Fernández Fernández, Secundino

Sobre as subvencións da Xunta de Galicia destinadas á destilación voluntaria de crise ante o problema dos excedentes de viño na Ribeira Sacra e a ausencia de axudas directas ás persoas viticultoras

[51197](#)

I 14692 - 12873 (12/PRE-002673)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 3 máis

Sobre o sexto informe do Comité de Expertos do Consello de Europa respecto da situación das linguas rexionais ou minoritarias e o traballo do Goberno galego no ámbito da normalización lingüística na Administración de xustiza

[51199](#)

I 14691 - 13016 (12/PRE-002687)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego para 2025 verbo do reforzamento das liñas de autobús interurbano que van desde O Milladoiro e Bertamiráns, concello de Ames, a Santiago de Compostela

[51201](#)

I 14572 - 13200 (12/PRE-002711)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre a situación da Residencia-Centro de Día de San Cibrao (Cervo) e as medidas que prevé tomar a Xunta de Galicia para mellorar o funcionamento do centro

[51204](#)

I 14571 - 13259 (12/PRE-002716)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e 4 máis



Sobre a oferta de prazas da rede de escolas infantís da Xunta de Galicia en Vigo, a valoración que fai o Goberno galego do nivel de cobertura das necesidades da cidade e as medidas de mellora que prevé poñer en marcha [51206](#)

I 14570 - 13282 (12/PRE-002720)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre a disposición da conselleira de Política Social e Igualdade a atender as peticións do alcalde de Foz relativas á xestión da residencia e centro de día desta localidade [51209](#)

I 14677 - 13504 (12/PRE-002740)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as previsións do Goberno galego no referido á atención sociosanitaria das persoas enfermas de esclerose lateral amiotrófica (ELA) e aos orzamentos para cubrir as prestacións recollidas na lei acabada de aprobar [51211](#)

I 14706 - 13629 (12/PRE-002759)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 3 máis

Sobre o funcionamento do servizo de autobús nas liñas A Coruña-Betanzos e A Coruña-Ferrol e a disposición da Xunta de Galicia a adoptar medidas de mellora, concretamente pensando nas necesidades de mobilidade do alumnado universitario [51214](#)

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

I Resolución da Presidencia, do 26 de novembro de 2024, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello relativo a unha interface pública conectada ao sistema de información do mercado interior para a declaración de desprazamento de traballadores e polo que se modifica o Regulamento (UE) nº 1024/2012 COM/2024/531 final. SWD(2024) 258 final

-12/UECS-000023 (14971)

Consulta do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello relativo a unha interface pública conectada ao sistema de información do mercado interior para a declaración de desprazamento de traballadores e polo que se modifica o Regulamento (UE) nº 1024/2012 COM/2024/531 final. SWD(2024) 258 final [51217](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na súa sesión do 27 de novembro de 2024, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 13401 (12/PNC-001278)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Varela Fernández, Katherinie e dez deputados/as máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación co proxecto de construción da conexión entre o porto seco de Monforte e as estradas N-120 e LU-933 BOPG nº 106f1, do 23.10.2024

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e trasladarlle as seguintes demandas:

1º. Instar a Adif a autorizar o proxecto de conexión do Porto Seco de Monforte coa N-120, deixando de insistir en exixencias que nada teñen que ver co proxecto da conexión do Porto Seco entre a Nacional 120 e a LU- 933.

2º. Instar a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e a Demarcación de Estradas do Estado a que respecten o consenso acadado sobre o proxecto construtivo do novo acceso ao Porto Seco e autoricen esta actuación tan importante para a cidade de Monforte de Lemos e da súa contorna.»

Rexeitamento das iniciativas

- 3630 (12/PNC-000458)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre as accións que debe levar adiante a Xunta de Galicia verbo da colaboración e coordinación coa Administración local no que concirne á mellora da xestión de residuos

BOPG nº 24f2, do 15.05.2024



Sométese a votación e resulta rexeitada por 7 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

- 5305 (12/PNC-000639)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e dous deputados/as máis

Sobre determinadas accións que o Goberno galego debe levar adiante no que concirne á protección ambiental da enseada de San Simón, no interior da ría de Vigo

BOPG nº 37f1, do 12.06.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 7 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2024

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na súa sesión do 28 de novembro de 2024, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación sen modificacións

- 14071 (12/PNC-001375)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 8 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que continúe desenvolvendo accións no terreo do emprendemento como medio de afrontar o reto demográfico e fixar poboación no territorio

BOPG n.º 115f2, do 13.11.2024

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 12 votos a favor, 0 votos en contra e 5 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a seguir impulsando accións de emprendemento como un xeito de afrontar o reto demográfico e fixar poboación no territorio, ademais de dirixirse ao Goberno central para reclamarlle os fondos necesarios relativos ao financiamento para dar cobertura aos custos dos centros.»

Aprobación con modificacións

- 14402 (12/PNC-001408)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e oito deputados/as máis



Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central respecto da situación producida polo fracaso das negociacións do concerto de Muface coas aseguradoras
BOPG nº 118f1, do 20.11.2024

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, por 11 votos a favor, 0 votos en contra e 6 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Dirixirse ao Goberno de España para que informe con transparencia dos procedementos adoptados para a nova licitación para o concerto de xestión de Muface.
2. Dirixirse ao Goberno de España para que adopte cantas medidas sexan precisas para garantir a plena asistencia aos mutualistas, licitando de maneira urxente o concerto con Muface, e impedindo que esta situación, na que ten responsabilidade directa o Goberno de España, impacte nos sistemas sanitarios públicos das distintas comunidades autónomas.
3. Dirixirse ao Goberno de España para que, en caso necesario, prorrogue o servizo actual de acordo co artigo 29.4 da Lei de contratos do sector público ata que non se produza a nova adjudicación.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 11134 (12/PNC-001057)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as accións que debe impulsar a Xunta de Galicia en relación co servizo de hospitalización a domicilio (Hado)

BOPG nº 91f2, do 25.09.2024

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 17 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

- 1º. Garantir a cobertura de toda a poboación a través da Hospitalización a Domicilio no prazo máximo dun ano.
- 2º. Dotar os servizos de Hospitalización a Domicilio dos recursos humanos e materiais precisos para poder garantir o funcionamento do servizo.»



Rexeitamento das iniciativas

- 9823 (12/PNC-000939)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que se reúna co alcalde de Cambados para procurar unha nova residencia pública de maiores para este concello e a súa comarca
BOPG nº 78f1, do 06.09.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 8 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

- 14669 (12/PNC-001435)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e tres deputados/as máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que adquira o pazo de Montesacro, situado no concello de Cambados, e manteña o seu uso socioasistencial
BOPG nº 118f1, do 20.11.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 8 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2024

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 26 de novembro de 2024, adoptou os seguintes acordos:

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

- 14567 (12/PRE-002859)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Castro García, Daniel

Sobre os recursos e o funcionamento dos centros residenciais docentes (CRD) existentes en Galicia e as previsións da Xunta de Galicia verbo dunha eventual mellora dos servizos que prestan ao alumnado que reside neles

- 14577 (12/PRE-002860)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 3 máis

Sobre os prazos, o financiamento e as actuacións do Goberno galego para a materialización do seu compromiso de construción dunha senda peonil e ciclista entre Camposancos e A Guarda



- 14587 (12/PRE-002862)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e 2 máis

Sobre o modelo de dixitalización da aprendizaxe no ensino, o diálogo do Goberno galego coa comunidade educativa nesta materia e o balance do funcionamento do proxecto E-dixgal

- 14580 (12/PRE-002863)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a adxudicación de contratos menores á empresa Dos Espacios Internet Consulting S. L. por parte da Axencia de Turismo de Galicia

- 14614 (12/PRE-002864)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia verbo da finalización da senda peonil Vilaúde-O Reirado, entre os concellos de Alfoz e do Valadouro, e as razóns de que esta infraestrutura non estea xa rematada

- 14621 (12/PRE-002865)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Carreira Pazos, Iria

Sobre a actividade actual do Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galicia e a posibilidade de impulsar unha mellora desta ferramenta de participación da mocidade galega nas políticas que lle atinxen

- 14624 (12/PRE-002866)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da posibilidade de incrementar as actividades do Centro Sociocomunitario de Ponte Pelamios, en Ourense, e as razóns do seu peche nas fins de semana e nos días festivos

- 14644 (12/PRE-002867)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre a situación do transporte sanitario urxente terrestre no Salnés e as previsións da Xunta de Galicia respecto dun reforzamento no verán da presenza de ambulancias medicalizadas (SVA) e da dotación médica destas unidades

- 14664 (12/PRE-002868)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Font, Carlos e Abalde Alonso, Julio Ernesto

Sobre o grao de avance no proceso de reversión ao dominio municipal da titularidade dos terreos portuarios sen utilización marítimo-pesqueira e os problemas urbanísticos derivados do seu atraso ou paralización



- 14689 (12/PRE-002870)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre as previsións da Xunta de Galicia ante a venda do pazo de Montesacro, no concello de Cambados, inmovible que posúe un valor histórico-patrimonial e que ten actualmente un uso socioasistencial

- 14702 (12/PRE-002871)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a oferta en Ourense canto a centros sociocomunitarios, as razóns do peche en fins de semana e festivos do centro de Ponte Pelamios e as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto dunha eventual mellora ao respecto

- 14717 (12/PRE-002872)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

Sobre as mudanzas na Lei de servizos sociais de Galicia a través da Lei de acompañamento dos orzamentos para 2025 e a pertinencia da consulta previa ao Consello Galego de Benestar e do reforzamento dos equipos de valoración e orientación

- 14723 (12/PRE-002873)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre o balance do Bono Deporte como medida de fomento da actividade deportiva e o futuro desta axuda cara ao vindeiro 2025

- 14735 (12/PRE-002874)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego respecto do desenvolvemento na actual lexislatura da vía de acceso ao porto da Guarda, as partidas orzamentarias dedicadas e o diálogo cos sectores afectados e os axentes implicados na execución desta infraestrutura

- 14771 (12/PRE-002875)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego no que atinxe á recuperación e posta en valor do patrimonio industrial do poboado mineiro de Fontao, en Vila de Cruces, e ás actuacións destinadas a comunicar este núcleo residencial coa súa contorna

- 14780 (12/PRE-002876)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a situación da asistencia médica no Centro de Saúde do Páramo e as previsións da Xunta de Galicia canto ao mantemento das dúas prazas actuais de persoal facultativo das que dispón o seu cadro sanitario



- 14786 (12/PRE-002877)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a situación laboral da poboación inmigrante en Galicia e as políticas que prevé poñer en marcha o Goberno galego nesta materia

- 14791 (12/PRE-002878)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre a situación do CPI Atios, de Valdoviño, e as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe ao servizo de comedor e á súa dotación docente, singularmente de profesorado de apoio e especialista en pedagogía terapéutica

- 14795 (12/PRE-002879)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre o traballo levado a cabo pola Xunta de Galicia para materializar os dereitos das persoas dependentes establecidos na Lei de autonomía persoal

- 14804 (12/PRE-002880)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre as medidas que o Goberno galego prevé adoptar co fin de incentivar a participación da cidadanía nas comunidades enerxéticas locais e de impulsar o autoconsumo compartido

- 14810 (12/PRE-002881)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a xestión das listas de desemprego por parte da Xunta de Galicia, a configuración dos itinerarios personalizados para as persoas demandantes, a planificación da formación consonte estes itinerarios e a dotación de medios das oficinas de emprego

- 14823 (12/PRE-002882)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre a situación en Galicia dos transexuais no que atinxe á súa integración no mercado laboral e na administración pública, así como á desinformación en relación con este colectivo e coa realidade LGBT en xeral

1.4.4.3.1. Preguntas para resposta por escrito reconvertidas en preguntas orais en comisión

Admisión da solicitude, asignación a Comisión e publicación do acordo

- 11361 (12/PRE-002543)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana, e Fernández Davila, María Cristina



Sobre as previsións que ten o Goberno galego respecto da dotación de persoal docente e coidador dos centro educativos do concello de Boiro, e especialmente daquel orientado á atención ao alumnado con necesidades especiais
BOPG nº 93, f1, do 30.09.2024

A Mesa acorda a súa reconversión, solicitada no doc. núm. 14903, en pregunta con resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 26 de novembro de 2024, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:

1.4.5. Respostas a preguntas

Coñecemento da resposta, remisión ás deputadas e aos deputados e publicación

- 14680 - 6549 (12/PRE-000684)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre os indicadores que serven de base para fixar os prezos de venda e renda das vivendas de protección autonómica, o impacto do seu incremento no mercado libre e na accesibilidade e función social destas vivendas, así como sobre as medidas previstas pola Xunta para axustar os prezos de construción da vivenda protexida

BOPG nº 49f2, do 10.07.2024

- 14696 - 6673 (12/PRE-000698)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Davila, María Cristina e 2 máis

Sobre a eventual ampliación dos proxectos en marcha relativos á conexión ferroviaria da PLISAN (Plataforma Loxística Industrial de Salvaterra-As Neves) para incluír tamén o transporte de viaxeiros
BOPG nº 49f2, do 10.07.2024

- 14695 - 11272 (12/PRE-002535)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a situación do servizo público de transporte no inicio do curso escolar e as medidas que prevé adoptar o Goberno galego dirixidas ás empresas concesionarias para o cumprimento riguroso dos contratos e a favorecer a competencia no sector

BOPG nº 93f1, do 30.09.2024

- 14694 - 11406 (12/PRE-002549)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a situación do transporte público autonómico neste principio de curso, nomeadamente na liña Cangas-Pontevedra, e as medidas previstas polo Goberno galego para exixir o cumprimento dos contratos coas concesionarias e favorecer a competencia

BOPG nº 93f1, do 30.09.2024



- 14707 - 11880 (12/PRE-002595)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre o fomento da cooperación e colaboración dos concellos para a prestación dos servizos públicos e a mellora da eficiencia na xestión dos seus recursos e do seu financiamento, así como sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia ante as dificultades económicas da Administración local BOPG nº 95f2, do 02.10.2024

- 14679 - 11941 (12/PRE-002602)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Insua Lema, Óscar

Sobre as achegas da Xunta de Galicia ás entidades locais para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento en espazos acuáticos BOPG nº 95f2, do 02.10.2024

- 14693 - 12194 (12/PRE-002621)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 2 máis

Sobre os problemas xurdidos na ruta de autobús entre Vilamartín de Valdeorras e o IES Cosme López Rodríguez, da Rúa, coas modificacións de itinerarios e os consecuentes cambios horarios para o alumnado do instituto dependente desa liña BOPG nº 98, do 10.10.2024

- 14678 - 12264 (12/PRE-002628)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Fernández Fernández, Secundino

Sobre as subvencións da Xunta de Galicia destinadas á destilación voluntaria de crise ante o problema dos excedentes de viño na Ribeira Sacra e a ausencia de axudas directas ás persoas viticultoras BOPG nº 98, do 10.10.2024

- 14692 - 12873 (12/PRE-002673)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 3 máis

Sobre o sexto informe do Comité de Expertos do Consello de Europa respecto da situación das linguas rexionais ou minoritarias e o traballo do Goberno galego no ámbito da normalización lingüística na Administración de xustiza BOPG nº 103, do 18.10.2024

- 14691 - 13016 (12/PRE-002687)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego para 2025 verbo do reforzamento das liñas de autobús interurbano que van desde O Milladoiro e Bertamiráns, concello de Ames, a Santiago de Compostela BOPG nº 103, do 18.10.2024

- 14572 - 13200 (12/PRE-002711)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre a situación da Residencia-Centro de Día de San Cibrao (Cervo) e as medidas que prevé tomar a Xunta de Galicia para mellorar o funcionamento do centro

BOPG nº 106f2, do 23.10.2024

- 14571 - 13259 (12/PRE-002716)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e 4 máis

Sobre a oferta de prazas da rede de escolas infantís da Xunta de Galicia en Vigo, a valoración que fai o Goberno galego do nivel de cobertura das necesidades da cidade e as medidas de mellora que prevé poñer en marcha

BOPG nº 106f2, do 23.10.2024

- 14570 - 13282 (12/PRE-002720)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre a disposición da conselleira de Política Social e Igualdade a atender as peticións do alcalde de Foz relativas á xestión da residencia e centro de día desta localidade

BOPG nº 106f2, do 23.10.2024

- 14677 - 13504 (12/PRE-002740)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as previsións do Goberno galego no referido á atención sociosanitaria das persoas enfermas de esclerosis lateral amiotrófica (ELA) e aos orzamentos para cubrir as prestacións recollidas na lei acabada de aprobar

BOPG nº 106f2, do 23.10.2024

- 14706 - 13629 (12/PRE-002759)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 3 máis

Sobre o funcionamento do servizo de autobús nas liñas A Coruña-Betanzos e A Coruña-Ferrol e a disposición da Xunta de Galicia a adoptar medidas de mellora, concretamente pensando nas necesidades de mobilidade do alumnado universitario

BOPG nº 110, do 31.10.2024

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2024

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 26 de novembro de 2024, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de Re-



gulamento do Parlamento Europeo e do Consello relativo a unha interface pública conectada ao sistema de información do mercado interior para a declaración de desprazamento de traballadores e polo que se modifica o Regulamento (UE) nº 1024/2012 COM/2024/531 final. SWD(2024) 258 final

-12/UECS-000023 (14971)

Consulta do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello relativo a unha interface pública conectada ao sistema de información do mercado interior para a declaración de desprazamento de traballadores e polo que se modifica o Regulamento (UE) nº 1024/2012 COM/2024/531 final. SWD(2024) 258 final

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 14971, escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa a Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello relativo a unha interface pública conectada ao sistema de información do mercado interior para a declaración de desprazamento de traballadores e polo que se modifica o Regulamento (UE) nº 1024/2012 COM/2024/531 final. SWD(2024) 258 final.

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (nos BOPG núms. 276, do 16 de xullo de 2010 e 446, do 7 de abril de 2011), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, e aos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2024

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Daniel Castro García, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as deficiencias que sofre o alumnado aloxado durante o curso escolar nos Centros Residenciais Docentes galegos (CRD).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Centro Residencial Docente de Vigo, Culleredo e Ourense son centros educativos para que as/os estudantes de ensino secundario ou ciclos formativos que teñan a súa residencia habitual lonxe destas localidades poidan cursar os seus estudos de Bacharelato, Ciclos Formativos ou ensinanzas especiais e, excepcionalmente, tamén para o alumnado universitario.

Situado en zonas educativas á entrada das cidades, comparten recintos, instalacións e servizos con centros do sistema educativo ordinario galego. Debido a súa ubicación e posibilidades de transporte, resulta cómodo para as persoas usuarias a mobilidade a centros da contorna, pero tamén na propia cidade ou nas Universidades, cando se trata de alumnado que participa ademais na organización e traballos do propio centro residencial, acadado mediante bolsas convocadas por concorrencia competitiva.

Na actualidade os CRD dependen da Consellería de Educación e comparten as instalacións con centros de ensino, porén, os traballadores e traballadoras brindan o seu esforzo de xeito colectivo e solidario, e contribúen a que os Centro Educativos e Residenciais sexan un referente para moitas familias que, sen contar con este recurso, non terían tomado a decisión de desprazar aos seus fillos e fillas para estudar fóra do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

domicilio familiar. Comparten conxuntamente un proxecto complementario nas súas instalacións de servizos docentes, para a realización da formación do profesorado, inmersións lingüísticas e outras actividades que poden ser realizadas por organismos vencellados ao ensino, fóra do horario lectivo e en períodos vacacionais.

Estes centros residenciais ofertan servizos completos de aloxamento, alimentación, lavandería, control do estudo do alumnado, servizo médico... Mais dentro desta completa oferta, o alumnado-residente e tamén os colaboradores/bolseiros que son alumnado das Universidades, atópanse cun problema importante que é o do horario de apertura e peche das instalacións residenciais durante a fin de semana.

Se buscamos nas páxinas web dos tres CRD atopamos estes horarios de xeito pouco claro e transparente, nalgunha nin sequera se atopa, pero os mesmos sobre as comidas e ceas e despois co testemuño das persoas residentes, deixan clara a realidade e que o peche é completo e todas as usuarias deben abandonar as residencias a primeira hora da tarde dos venres ata o domingo pola tarde sobre ás 20 h. antes da cea.

Como podemos advertir, o alumnado matriculado en ciclos formativos ou mesmo as colaboradoras universitarias, teñen en moitos casos clases polas tardes, polo tanto este peche dos venres ás tardes inflúe negativamente no seu desenvolvemento educativo, porque deben deixar de asistir ás clases dos venres por non ter medio de transporte en que desprazarse ao seu concello ao remate das mesmas e non poder pernoctar na residencia para trasladarse o sábado pola mañá.

Por outra banda tamén hai outras persoas usuarias que tendo o seu enderezo a moita distancia ou mal comunicado co transporte público (autobús, tren,...) non teñen posibilidade de permanecer na residencia durante as fin de semana ou incluso para poder estudar nos períodos previos a épocas de exames.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Outra queixa que trasladan as usuarias dos CRD galegos é sobre o servizo do comedor nas residencias, sobre todo porque están nunhas franxas de idade nas que a calidade e cantidade vai influír enormemente no seu desenvolvemento físico e psíquico. Se hai algo que as administracións públicas deben coidar ao máximo é este servizo de conciliación para as familias, que delegan nas mesmas unha cuestión básica como é a alimentación dos seus fillos e fillas. Tampouco é entendible que aconteza esta irregularidade cando hai cociñas propias en dous dos centros e no terceiro debера ter garantido esta cuestión a través dos pregos licitados para dotar deste servizo á residencia.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1.- Vai permitir a Consellería de Educación que o alumnado que o precisa poida permanecer nas instalacións dos CRD en Culleredo, Ourense e Vigo durante as fin de semana para poder asistir aos centros educativos ou ás universidades con normalidade os venres pola tarde, para poder estudar ou por non compensarlles en tempo achegarse ás súas casas?

2.- Vai a Consellería dotar dos recursos precisos, material, persoal e orzamentario, aos servizos de comedor dos tres Centros Residenciais Docentes (CRD) para poder aportar a alimentación axeitada en calidade e cantidade ás persoas usuarias?

3.- Vai realizar unha enquisa sobre o funcionamento dos CRD de xeito regular ás persoas residentes para que a administración educativa teña coñecemento real da opinión das usuarias e poida implementar medidas correctoras nos distintos servizos que se ofertan?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4.- Vai a Consellería de Educación recoñecer o traballo das comunidades educativas dos CRD para seguir medrando e dotando de máis e mellores servizos que faciliten a estadia do alumnado nestas instalacións?

5.- Vai a Consellería aumentar o número de prazas nos actuais e ampliar a rede de CRD en Galiza para dar posibilidade a que un maior número de estudantes consigan praza e poidan cursar estudos fóra dos seus concellos?

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 15/11/2024 11:04:59

Daniel Castro García na data 15/11/2024 11:05:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas, Paulo Ríos Santomé, Luis Bará Torres e Carmela González Iglesias, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o desenvolvemento no ano 2025 dunha senda entre Camposancos e A Guarda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada PO-352 de titularidade da Xunta de Galiza entres os seus puntos quilométricos PQ1+680 e PQ6+030, esta estrada que circunvala o monte Santa Tegra, discorre por un itinerario de alto valor paisaxístico e cultural e soporta un tráfico moi intenso especialmente na época estival por ser ruta de acceso a importantes praias da localidade.

Dita estrada carece de zonas para o tránsito peonil, de beiravías e soporta unha carga elevada de tráfico rodado, nomeadamente nos meses de verán, e, en varios treitos, o seu largo apenas ten 5 metros, o que dificulta a convivencia de vehículos, peóns e ciclistas.

A construción dunha senda peonil que una a Entidade Local Menor (ELM) de Camposancos co núcleo da Guarda é unha demanda histórica da ELM a cal, o pasado ano 2020, mobilizou a preto dun millar de persoas instando á Xunta a tomar acción e poñer en marcha o proxecto que desenvolva unha senda peonil nesta estrada.

Dende o BNG xa rexistramos iniciativas neste sentido, e diante estivo un Goberno Galego con boas intencións aparentes mais que non se materializan en feitos tan necesarios para A Guarda.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O pasado mes de maio dende o Concello da Guarda o alcalde declaraba que esta senda ía ser realidade nesta lexislatura, á par o propio Goberno Galego a través, nun primeiro momento, do presidente da Xunta en declaracións sobre construción de sendas facía mencións ao Baixo Miño, do mesmo xeito a propia conselleira responsábel de infraestruturas tamén mencionou en máis dunha ocasión a vontade de realizar sendas ao longo e largo do país, mencionando entre os diferentes lugares a Comarca do Baixo Miño.

No entanto, diante de boas intencións pero dunha falta de aposta real polo desenvolvemento dunha infraestrutura fundamental para a parroquia de Camposancos, faise preciso un compromiso firme no que se materialicen compromisos reais para o desenvolvemento desta obra no 2025.

Aproveitando a existencia dunha partida orzamentaria de mobilidade verde para sendas peonís e ciclistas de máis de 7 millóns de euros, é de xustiza definir unha partida específica para facer realidade unha demanda histórica da veciñanza de Camposancos que xa acumula media década dende a gran mobilización social demandando solucións para esta estrada, a PO-352.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cando pensa o Goberno Galego iniciar as obras da senda peonil e ciclista de Camposancos?

- Canto financiamento pensa destinar o Goberno Galego para a execución desta obra na PO352?

- Pensa o Goberno Galego reunirse coa Entidade Local Menor (ELM) de Camposancos e Concello da Guarda para o desenvolvemento desta infraestrutura?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten pensado o goberno galego tomar algunha acción que facilite que o Concello desenvolva esta senda no treito da PO352 de titularidade municipal?
- Ten pensado o goberno galego dialogar cos diferentes axentes sociais que demandan esta senda para realizar a súa construción a través do diálogo?
- Como valora o Goberno Galego a demora nesta obra despois do compromiso adquirido en 2023 para o seu desenvolvemento?

Santiago de Compostela, 15 de novembro 2024

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Carmela González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 15/11/2024 12:23:27

Paulo Ríos Santomé na data 15/11/2024 12:23:44

Luis Bará Torres na data 15/11/2024 12:23:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Carmela González Iglesias na data 15/11/2024 12:24:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, Ariadna Fernández González e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o informe realizado pola Confederación Anpas Galegas despois de realizar unha enquisa ás familias galegas sobre a dixitalización dos centros educativos e a implementación nas aulas do Programa EDIXGAL.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei de Educación actual, a LOMLOE (LO 3/2020, de 29.12), establece que un dos fins aos que se orienta o sistema educativo é a capacitación para lograr a plena inserción do alumnado na sociedade dixital e a aprendizaxe dun uso seguro dos medios dixitais e respectuoso coa dignidade humana, os valores constitucionais, os dereitos fundamentais e co respecto e a garantía da intimidade individual e colectiva.

Esta Lei recolle a Competencia Dixital (CD) como unha das competencias clave recomendada como estratexia de aprendizaxe permanente, que despois da evolución do concepto ao longo destes anos, é entendida como o “uso seguro, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, no traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con estas”.

O alumnado debe adquirir a necesaria CD para desenvolverse como cidadáns nunha sociedade onde as tecnoloxías ocupan un lugar esencial en todos os ámbitos e a escola xoga un papel clave no desenvolvemento desta competencia.

A Xunta de Galiza dende hai unha década ven de substituír os libros de texto en papel a formato dixital a través do Programa Edixgal co obxectivo de favorecer a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

incorporación das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) no decorrer da actividade escolar, ofrecendo contidos educativos exclusivamente dixitais para 5º e 6º de Primaria e 1º a 4º de ESO que foron implementándose curso a curso de xeito progresivo nestes anos.

Este programa dende a súa implantación en 2014 sempre suscitou dúbidas e reticencias por parte de familias e profesorado dende o primeiro momento, pero neste último curso esa reacción foi aínda máis incisiva.

Estando este tema de xeito permanente enriba da mesa das demandas da comunidade educativa, a Confederación galega quixo escoitar a opinión das familias directamente e a finais do curso pasado impulsou un estudo centrado en tres aspectos clave: a Competencia Dixital, os recursos educativos dixitais e o programa de libro dixital Edixgal.

O pasado 30 de outubro, deuse a coñecer aos medios de comunicación o resultado desta enquisa, onde quedou constatado o rexeitamento da maioría das familias que participaron no estudo, tanto con alumnado do programa Edixgal como fóra deste.

No seu estudo, que valora as respostas das familias na enquisa realizada, podemos ver de xeito esquemático parte das súas conclusións:

1.- Competencia Dixital

- Maioritariamente (77%) consideran que a CD debe adquirirse nas escolas pero non existe unha posición compartida de como debe facerse. Pero inciden en que deben desenvolver todas as dimensións da CD pero especialmente aspectos relacionados coa seguridade e uso responsable das tecnoloxías.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Rexeitan o uso “exclusivo” dos materiais dixitais nas aulas, aceptan de xeito puntual, como apoio a outros materiais ou para busca de información. E que sexa a docente quen decida cando usalos.

- As familias con alumnos en Edixgal manifestan:

-- non ter recibido información sobre o programa (obxectivos, melloras que supón, pautas de acompañamento na casa ou como é o uso da plataforma)

-- indican un número moi elevado de horas de uso entre o centro e as casas

-- expoñen que a actividade principal na plataforma é a lectura de documentos e memorística, na casa a usan para realizar presentacións.

-- Consideran que incrementou o gasto noutros materiais e impresións (ao non dispoñer de axudas), amais de ter que estar máis atentos no uso de contidos no ordenador dos seus fillos ou fillas.

2.- Recursos Educativos Dixitais.

- As familias rexeitan que os recursos dixitais sexan os principais nas aulas, sobre todo nas primeiras etapas educativas.

- Esperan un uso máis creativo destes recursos, para análise de datos, presentacións, simulacións, etc.

- Opinan que é clave o papel do docente no uso que se lle dá aos materiais, cando e como usalos. En etapas máis avanzadas debe decidir o alumnado cando precisa material dixital de apoio para o seu traballo.

- A valoración, polo tanto, sobre os recursos dixitais é mala. Consideran que non motivan ao alumnado, non fomentan o traballo colaborativo, non favorecen a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aprendizaxe dos contidos e non permiten centrarse aos docentes na súa labor principal en lugar de ter que controlar o uso de medios dixitais.

3.- Edixgal

- A información recibida polas familias deste programa (obxectivos, melloras que supón, pautas de acompañamento na casa ou como é o uso da plataforma) é practicamente nula e non se contou con elas para a súa implantación.

- Un 50% do alumnado emprega a Plataforma entre 3 e 5 horas e un 11% aínda máis horas, sobre todo na ESO, tamén 1 ou 2 horas na casa, principalmente para traballo individual e menos centradas en procesos cognitivos vinculados ao descubrimento. Non hai un cambio de metodoloxía didáctica na aula, só mudan o soporte empregado.

- Pensan que o alumnado non gaña autonomía, nin mellora a aprendizaxe (na liña da valoración feita pola Xunta) e as actividades non están adaptadas ao ritmo e características de cada alumno/a. E non hai acordo sobre se a comprensión lectora é mellor co uso destes recursos.

- O 44% das familias están en desacordo en que Edixgal mellorara a CD do alumnado, fronte a un 26% que sí o está e o grao de satisfacción coa formación recibida é baixo, tan só un 14% din estalo.

- Máis do 70% non considera que supuxera unha mellora educativa, para a comprensión das materias ou motivación no alumnado.

- Gasto maior en libros de texto e nas impresións que realizan, que cuestionan a idoneidade do recurso dixital se resulta necesario facerse con manuais en papel.

- O 70% de familias insatisfeitas con Edixgal fai que manifesten non querer a continuidade do Programa. Puntúan o Programa en menos dun 5, claro suspenso en todos os cursos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Queda claro pois, que esta enquisa da indicios do descontento xeralizado das familias usuarias e non usuarias do Programa Edixgal. Polo tanto sería preciso facer a estas alturas, despois de dez anos, unha avaliación de cumprimento dos seus obxectivos e da mellora da calidade educativa e da Competencia Dixital do alumnado. Coñecer se é un recurso pedagóxico útil, que contribúe ao desenvolvemento integral da nosa infancia e mocidade.

Por todo o exposto formúlense as seguintes preguntas para resposta escrita:

1.- Vai a Consellería de Educación realizar unha avaliación seria do Programa Edixgal coa participación de todos os sectores afectados para coñecer o seu uso (dependendo dos centros, curso, materias...) e que valoración teñen do programa?

2.- Vai a Consellería avaliar en qué medida este recurso dixital está favorecendo realmente a aprendizaxe e se supón unha mellora da Competencia Dixital, que é o que se espera dun programa deste tipo?

3.- Vai identificar boas prácticas, en que centros o nivel de satisfacción é alto por parte dos distintos sectores e como se está empregando?

4.- En tanto non se implementa outro modelo mais acorde coas demandas sociais e formativas actuais, vai a Consellería de Educación a tomar medidas para mellorar a información que reciben as familias sobre o programa Edixgal, a formar ao profesorado sobre un uso interdisciplinar e híbrido do recurso e a reforzar o desenvolvemento da Competencia Dixital (uso responsable das TIC, xestión da privacidade e identidade ou lectura crítica dos contidos e procesos)?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 15 de novembro 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Ariadna Fernández González

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 15/11/2024 13:48:37

Ariadna Fernández González na data 15/11/2024 13:48:48

Daniel Castro García na data 15/11/2024 13:48:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Taibo Corsanego, Oscar Insua Lema, Iago Suárez Fernández e Cristina Fernández Davila, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a adxudicación de contratos menores pola Axencia de Turismo á empresa Dos Espacios Internet Consulting SL.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.A Axencia de Turismo de Galicia adxudicou 66 contratos menores por valor de 816.000 euros á empresa Dos Espacios Internet Consulting SL. Tanto os obxectos dos contratos como as contías e a duración dos mesmos teñen coincidencias que son chamativas e que fan que teñamos dúbidas sobre a efectiva realización dos traballos contratados.

Nalgúns casos estamos entre coincidencias no obxecto do contrato, noutros en aparentes fragmentacións dun mesmo obxecto e nalgún caso parece deducirse que a data de rexistro do contrato é posterior á realización do traballo.

Tamén chama poderosamente a atención a concentración de contratos nos días finais do ano, situación que se dá a finais de 2021 e de 2022, con obxectos de contrato que podemos considerar dubidosos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É importante tamén sinalar que esta empresa ten outras adxudicacións de contratos menores por parte doutros departamentos do goberno galego, cuestión que será tamén obxecto da conseguinte solicitude de explicacións.

2. A partir de setembro de 2020 prodúcese un incremento moi significativo das contratacións con esta empresa, coincidindo coa chegada á Axencia de Turismo de Nava Castro (Directora) e de Emilio de la Iglesia Lema (xerente), persoas designadas polo máximo responsable político da Axencia e do departamento de turismo da Xunta.

Máis alá destas contratacións nas que existen moitos baleiros e moitas explicacións que dar, é relevante sinalar que cando Nava Castro asume a alcaldía de Pontearreas no ano 2023 volve contratar a esta empresa e entre outras irregularidades o concello de Pontearreas págalle a Dos Espacios unha factura de 10.000 euros pola organización dun evento de organización dun edificio que non se realizou.

Tamén facemos constar que un irmán de Nava Castro ten vínculos laborais e empresariais con Dos Espacios, o que incrementa a gravidade deste caso.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Por que motivo a Axencia de Turismo ten tal concentración de contratos mesma con unha mesma empresa?

-Considera a Xunta que estes contratos se adxudicaron e se executaron de maneira correcta?

-Como valora o goberno galego os vínculos entre esta empresa e a contorna familiar da ex directora da Axencia de Turismo de Galicia?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Iria Taibo Corsanego
Oscar Insua Lema
Iago Suárez Fernández
Cristina Fernández Davila
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 15/11/2024 12:44:00

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 15/11/2024 12:44:05

Iria Taibo Corsanego na data 15/11/2024 12:44:43

Óscar Insua Lema na data 15/11/2024 12:44:45

Iago Suárez Fernández na data 15/11/2024 12:45:14

Cristina Fernández Davila na data 15/11/2024 12:45:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza remate a senda peonil entre o concello de Alfoz e o de O Valadouro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na década pasada a Xunta de Galiza comezaba a construción dunha senda peonil entre os concellos de Alfoz e o Valadouro, unha medida atinada que melloraba as comunicacións entre dous municipios cunha grande relación e nos cales os vínculos sociais, laborais e económicos son moi grandes.

Pola contra, a construción desta senda non foi rematada, quedando sen facer un último tramo de aproximadamente 600 metros e que é vital para que a conexión se remate e para que os e as viandantes non se teñen que desviar camiñando polo medio de estradas secundarias.

Por esta razón, o propio concello de Alfoz en febreiro de 2020 redactaba unha proposta á Xunta de Galiza para que este camiño sexa rematado, pero ata o día de hoxe esta proposta segue sen recibir unha resposta por parte do goberno autonómico.

En definitiva, por unha cuestión de mellora das comunicacións, de favorecemento da mobilidade física e co obxectivo de incrementar a seguridade dos e das viandantes, a Xunta de Galiza ten que rematar a senda peonil entre os lugares de Vilaúde e O Reirado, atendendo así ás propostas dos concellos galegos e finalizando dez





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

anos máis tarde o que foi unha boa medida pero que ten que finalizarse dunha vez por todas.

Por todo o exposto formúlase as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Vai rematar a Xunta de Galiza a senda peonil Vilaúde - O Reirado entre os concellos de Alfoz e O Valadouro?
- Cal é razón pola cal a Xunta de Galiza non remata a senda peonil construída hai xa varios anos?
- Que prazo se pon a Xunta de Galiza para rematar os aproximadamente 600 metros que faltan por construír da senda peonil Vilaúde - O Reirado?

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2024

Asdo.: **Daniel Castro García**
Paulo Ríos Santomé
Luís Bará Torres
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 18/11/2024 12:17:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 18/11/2024 12:17:51

Luis Bará Torres na data 18/11/2024 12:18:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández e Iria Carreira Pazos, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a inactividade do Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galiza e a súa posible reactivación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Foi no ano 2014 que o Parlamento de Galiza aprobou a creación do Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galiza. En concreto foi no Diario Oficial de Galiza (DOG) do 28 de maio de 2014 que se oficializou a creación deste organismo dependente da Xunta de Galiza.

Pois ben, pasada xa máis dunha década, podemos afirmar que o Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galiza nunca funcionou nin serviu en ningún momento para cumprir ningún dos obxectivos que a propia Xunta de Galiza se marcou coa súa creación. Dos 11 obxectivos que aínda están publicados na web do organismo, ningún deles foi cumprido; unha web que, por certo, sería vergoñenta para calquera goberno mais que a Xunta mantén a pesar de estar nun estado deplorable.

Desde o grupo parlamentar do BNG non comprendemos o motivo polo que este organismo nunca se puxese en funcionamento xa que cremos que podería ser, de ser usada correctamente, unha ferramenta moi útil para tentar facer partícipe do deseño das políticas destinadas á mocidade a propia mocidade galega. A xuventude deste país non participa en ningún momento no que ten a ver na elaboración das medidas que lle afectan diariamente e desde o Bloque pensamos que os gobernos deben, polo menos,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

promover a participación da xente nova en política e, por tanto, a súa participación no deseño das medidas destinadas á xuventude.

É por todos estes motivos que consideramos desde o grupo parlamentario do BNG que se debe pór a funcionar este organismo e non comprendemos as reiteradas negativas do Partido Popular de activalo.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Por que nunca se activou o Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galiza?
- Cre a Xunta que o Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galiza podería ser unha ferramenta útil para a mocidade galega?
- Que opinión lle merece ao Goberno galego a web do Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galiza?

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2024

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 18/11/2024 12:50:44

Iria Carreira Pazos na data 18/11/2024 12:51:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o funcionamento do centro sociocomunitario Ponte Pelamios, no barrio das Camelias de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os centros sociocomunitarios de titularidade da Xunta de Galiza son espazos públicos de carácter social e cultural que teñen como finalidade principal a promoción do benestar e a calidade de vida da poboación galega, especialmente das persoas maiores e colectivos vulnerables. O fundamento da súa creación e funcionamento está na procura dun envellecemento activo, e da a participación comunitaria e a cohesión social.

Para acadar os fins que xustifican a súa creación e existencia os centros sociocomunitarios deben ofrecer a posibilidade de realizar actividades destinadas tanto a un envellecemento activo, talleres de memoria e estimulación cognitiva, actividades físicas, como ximnasia, pilates ou danza, obradoiros culturais e de formación, informática, idiomas ou artesanía; apoio á realización de xestións administrativas e de orientación social; servizos de atención persoal e asistencial; e tamén o mantemento e xestión dun espazo de encontro e socialización para as persoas da zona na que se ubica o centro.

Xa que logo os centros sociocomunitarios son un instrumento para o encontro e a socialización, para combater o illamento e promover a participación activa da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cidadanía na vida social e cultural das súas comunidades. Constitúen unha rede de apoio esencial para colectivos vulnerables.

A súa razón de ser non é só polas xestións administrativas que poda chegar a facer, senón por contribuír á socialización das persoas e por constituíren un punto de encontro da comunidade, polo que a súa actividade e funcionamento non pode constrinxirse a un horario de atención ao público como se de unha oficina administrativa se tratase.

Hai unhas semanas que o Centro Sociocomunitario de Ponte Pelamios permanece pechado os fins de semana e os días festivos, sen que conste se se trata dunha medida puntual ou dunha nova regulación dos días de apertura que vai rexir no futuro.

O Centro, que é un dos poucos espazos de encontro co que conta a zona das Camelias, foi reducindo progresivamente o número de servizos que presta e das actividades que realiza, sendo, a penúltima, a supresión do servizo de cafetería que, mediante concesión, se realizaba no Centro. Agora as usuarias, principalmente persoas maiores, ven como se anunciaba en diferentes cartaces o Centro pecha as súas totalmente as súas instalacións nos fins de semana e días festivos, momentos nos que quizais é máis necesario contar cun lugar de encontro no que poder desfrutar de compañía ou poder realizar actividades como xogos de mesa cos que ocupar e activar a mente, ou do baile e a mera conversa. O peche do Centro da Xunta de Galiza en Ponte Pelamios priva á veciñanza do barrio das Camelias e da súa contorna do principal lugar de encontro do que aínda dispuña, sen que se coñezan as eventuais razóns, nin a duración da medida.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é a razón do peche os fins de semana e días festivos do Centro Sociocomunitario de Ponte Pelamios en Ourense?

Trátase dunha medida conxuntural ou a súa duración é indefinida?

Considera a Xunta de Galiza que os fins de semana e días festivos os centros sociais e sociocomunitarios non cumpren a súa función de espazos de encontro e socialización?

De que alternativas dispón a veciñanza de Ponte Pelamios, do barrio das Camelias para paliar as consecuencias do peche do Centro, mentres esta dure?

Ten previsto a Xunta de Galiza de incrementar ou cando menos recuperar as actividades que antes se realizaban no Centro Sociocomunitario de Ponte Pelamios?

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/11/2024 13:27:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 18/11/2024 13:27:27

Olalla Rodil Fernández na data 18/11/2024 13:28:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás medidas a tomar para que a poboación do Salnés conte cunha atención ás urxencias extrahospitalarias de calidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De novo volveu ocorrer, diante dunha emerxencia na comarca do Salnés, a ambulancia medicalizada non estaba dispoñíbel para prestar asistencia, polas decisións irresponsábeis do PP na Xunta, na consellaría de Sanidade.

En concreto o 12 de novembro, no concello do Grove produciuse un incendio nunha vivenda, consecuencia do cal produciuse unha vítima mortal e varias persoas afectadas, unha das cales tivo que ser ingresada na UCI do hospital Montecelo. A asistencia e traslado das vítimas foi realizada por unha ambulancia básica, mentres a ambulancia medicalizada, ASVA, estaba ocupada trasladando unha persoa doente non crítica, do hospital do Salnés ao hospital Montecelo, estando a ambulancia destinada a eses traslados parada na porta do hospital do Salnés.

Á ambulancia medicalizada que ten a súa base no hospital do Salnés, a Xunta estalle asignando maioritariamente os traslados de doentes ingresados no hospital do Salnés a outros hospitais, aínda que o traslado non sexa urxente e as persoas a trasladar non estean en situación crítica ou de risco.

É sorprendente esta decisión cando no hospital do Salnés hai unha UVI móbil destinada unicamente a este fin que permanece aparcada. Esta conta con material,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persoal técnico, así como facultativo e de enfermería do servizo de urxencias do propio hospital con gardas localizadas e remuneradas,

Unha auténtica irresponsabilidade, xa que mentres realizan eses traslados de doentes non críticos, a ambulancia medicalizada non está dispoñíbel para atender as urxencias que xurdan na comarca.

Cada un deses traslados poden supor 2 ou 3 horas nas que non está operativa para as emerxencias que poidan xurdir e deixa a veciñanza da comarca desatendida.

Os e as profesionais que prestan servizo na ambulancia de SVA do Salnés xa denunciaron no mes de setembro esta situación, sen que por parte da Xunta se rectificara, persistindo nesta decisión que pon en risco a saúde e a vida da veciñanza do Salnés e xera sufrimento innecesario.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Considera que está garantindo unha atención axeitada ás persoas que precisan transporte sanitario terrestre?

Vai rectificar a decisión de utilizar a ambulancia medicalizada do 061 con base no Hospital do Salnés para realizar traslados entre hospitais, salvo casos excepcionais, xa que deixa descuberta á poboación da comarca sen atención durante horas?

Cal é a razón para non estar realizando os traslados intercentros coa UVI móbil destinada a este fin con base no propio hospital do Salnés, que conta con material, persoal técnico así como facultativo e de enfermería do servizo de urxencias do propio hospital con gardas localizadas e remuneradas para tal fin?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai atender a demanda de que a ambulancia medicalizada, SVA, se manteña con base no hospital do Salnés os 12 meses do ano?

O vindeiro verán vai reforzar con outra ambulancia medicalizada, SVA, os concellos de Sanxenxo e O Grove pola súa alta afluencia de visitantes?

A que agarda para dotar as ambulancias de Soporte Vital Avanzado (SVA), que só teñen un técnico na actualidade, con dous?

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2024

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 18/11/2024 16:28:48

Iria Carreira Pazos na data 18/11/2024 16:28:58





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2024 18:01:32
Nº Rexistro: 14664
Data envío: 18/11/2024 18:01:32.325

Á MESA DO PARLAMENTO

Carlos López Font e Julio Abalde Alonso, deputados pertencentes ao **Grupo parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

A relación natural entre o porto e os espazos urbanos ten en Galicia unhas características particulares. Como é habitual en case todas as vilas e pobos mariñeiros, a vida portuaria foi sempre ligada ao desenvolvemento da propia poboación, e a vinculación urbanística entre ambos espazos estivo sempre ligada. A estruturación administrativa causou unha dicotomía que, na maior parte dos pobos e vilas costeiras con entidade portuaria, provoca a confluencia de intereses de entidades administrativas distintas como son o porto e os concellos.

De xeito especial esta relación está condicionada no plano urbanístico polo amplo espazo sobre o que o porto ten responsabilidade administrativa, por ser da súa titularidade, froito do crecemento sobre o mar que as actividades portuarias foron desenvolvendo, pero que son terreos de uso urbano, afastados da actividade marítima e pesqueira. Existen exemplos en todo o territorio costeiro de Galicia, observando case que en cada vila como o porto é titular dun espazo que, en termos xerais, se usa para actividade urbana. Tal é así que en moitas ocasións os propios veciños e veciñas descoñecen esta titularidade, e non a comprenden, por ser Portos de Galicia titular de terreos que nada teñen que ver coa súa actividade.

Este escenario provoca problemas de xestión habituais para todos os concellos, que pretenden desenvolver actividades e usos deses terreos, pero necesitan de autorización e aceptación de Portos, sendo esta unha institución

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

51131

@PSdeG



CSV: BDRSDRDCaMFRBKKKZ6q4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





que non comprende a necesidade deses usos, retarda os procesos e/ou os dificulta e impide. Ademais dos concellos, numerosos colectivos sociais, culturais ou deportivos, tenden a querer usar tales terreos, normalmente ben situados nas vilas costeiras, atopándose con que Portos esixe unha taxas inasumibles e considera, discrecionalmente, o seu uso. Pola contra, eses terreos non son obxecto da atención de Portos de Galicia, nin do investimento, polo que terminan por se deteriorar e acumular sucidade, sendo os concellos os que, por responsabilidade, terminan por asumir o custe do seu mantemento sen ser titulares.

O Parlamento de Galicia debateu, por proposta do Grupo Socialista, unha fórmula de reversión dos terreos portuarios de titularidade autonómica ao dominio municipal. Inicialmente foi rexeitada polos votos do Grupo Popular, mais en 2020 o debate volveu á cámara a instancias novamente do Grupo Socialista e, desta volta, o Grupo Popular mudou a súa posición e así foi unha iniciativa aprobada por unanimidade. Dende entón, non en tanto, non se produciu ningún avance nesta cuestión. O 5 de maio de 2021 a presidenta de Portos de Galicia respondía na Comisión de Pesca e Marisqueo do Parlamento sobre esta cuestión a preguntas do propio Grupo Socialista, e recoñecía que dende febreiro de 2019 non mantiñan ningunha xuntanza coa Fegamp para tratar a cuestión.

Xa en outono dese mesmo ano 2021, e ante a pasividade da Xunta de Galicia a pesares do mandato parlamentario do ano anterior, o Grupo Socialista volveu a incidir no debate parlamentario coa vontade de avanzar nesta situación. Así, unha proposición non de lei deste grupo foi debatida e aprobouse en parte por unanimidade. O texto que se conseguiu aprobar foi:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a axilizar os trámites necesarios para facilitar a reversión aos concellos dos terreos de titularidade portuaria autonómica que son actualmente de uso portuario residual ou inexistente,





dando continuidade ao acordo instado polo Parlamento de Galicia e a Fegamp, informando favorablemente en todos os casos que sexa posible e non repercutindo ningún custo extra para os concellos.

Apenas algunhas semanas despois o grupo popular presentaba a súa propia proposta, que pretendía derivar a responsabilidade a outras administracións, a pesares de non ter avanzado na súa tarefa. A partir desta proposta parlamentaria, chegouse tamén a un novo acordo a sumar aos anteriores, que constaba de dúas ideas:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a

1. Solicitar á Dirección Xeral da Costa e o Mar, dependente do Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, que considere favorablemente a reversión do dominio público portuario e a posterior desafectación cara aos concellos para que a titularidade dos terreos portuarios reverta nas entidades municipais onde se sitúan os terreos.

2. Tomar en consideración todas as peticións dos concellos para a reversión de terreos, exceptuando só aqueles que pola súa utilización actual ou previsión concreta de futuro teñan obxecto de uso realmente portuario.

Durante este tempo numerosas alcaldías realizaron solicitudes a Portos de Galicia para iniciar estes trámites, sen resposta da Xunta de Galicia. As demais administracións e institucións (concellos, Demarcación de Costas do Estado, Fegamp...) comparten esta solución e teñen trasladado isto á Xunta de Galicia que, non obstante, segue paralizano a cuestión. Hai reticencias por parte de Portos de Galicia a avanzar nos posibles acordos coa Fegamp, en función do que paraliza calquera procedemento cos concellos, e tampouco ningunha intención de ser efectivos nos diálogos co Goberno do Estado para facilitar este procedemento.





A apertura da Comisión Mixta Bilateral co Goberno do Estado para tramitar e acordar avances na xestión do litoral permite, se así o solicita a Xunta de Galicia, introducir máis temas a tratar nos que se precise de acordo entre as súas administracións. É a vía máis natural para procurar avanzar en protocolos comúns e acordos que faciliten este proceso de reversión dos terreos portuarios que son xa de uso urbano e cidadá.

A realidade é que esta situación xera un problema grave de xestión, provocado pola evidente nula intención do goberno de Galicia de resolver un problema do que se aproveita inxustamente e que se traduce en ineficiencia e inequidade no tratamento dos espazos urbanos en detrimento da calidade de vida dos cidadáns.

Por iso, os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Que avances se teñen feito no proceso de reversión da titularidade dos terreos portuarios non utilizados para fins marítimo-pesqueiros a dominio municipal?
2. Cantos concellos galegos teñen visto realizada esta reversión da titularidade de terreos portuarios no seu termo municipal? Cales? Que volume de terreos?
3. Por que o Goberno de Galicia está a retrasar as posibilidades de resolución desta situación?
4. É consciente o Goberno de Galicia dos problemas e agravios que acusa esta circunstancia na xestión habitual de licencias, terreos, espazos, permisos e outras cuestións urbanísticas e de vida cotiá nos concellos?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2024 18:01:32
Nº Rexistro: 14664
Data envío: 18/11/2024 18:01:32.325

5. Ten previsto o Goberno de Galicia introducir esta cuestión a tratar nas vindeiras xuntanzas da Comisión Mixta Bilateral co Estado para tratar avances na distribución de competencias?

Parlamento de Galicia, 18 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Carlos López Font na data 18/11/2024 17:58:02

Julio Abalde Alonso na data 18/11/2024 17:58:13

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

51135

@PSdeG



CSV: B0PISDRB0aMHRBKKKZ6q4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás actuacións a realizar para mercar o Pazo de Montesacro, no concello de Cambados.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde setembro do 2023, polo tanto hai máis dun ano, que a Xunta de Galiza é coñecedora de que a orde relixiosa propietaria do Pazo de Montesacro, no concello de Cambados, ten o mesmo á venda.

Este pazo consta dunha superficie construída de 2.375 metros cadrados dentro dunha finca cunha superficie de 12.547 metros cadrados. Xa O mesmo ten un dobre valor:

En primeiro lugar o social- asistencial, toda vez que o mesmo está adicado a residencia de maiores, cunha capacidade de aproximadamente 70 prazas.

O segundo o histórico-patrimonial, toda vez que foi construído no século XVIII, sendo de estilo barroco, e contando ademais con capela, piorno, pombal e zona axardinada.

O Pazo é coñecido como “O Asilo” xa que o mesmo é residencia de maiores desde os anos corenta do século pasado. É a única existente no concello de Cambados, nunha comarca coma a do Salnés, que tendo unha poboación de arredor de 100.000 habitantes, é deficitaria en prazas residenciais para persoas maiores, non existindo ningunha de titularidade pública. Ten unha capacidade de aproximadamente 70 prazas,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

das que na actualidade están ocupadas 53, porque xa hai meses que non aceptan ningún ingreso.

Desde o primeiro momento o BNG defendeu que a venda do Pazo de Montesacro é unha oportunidade para que a Administración o adquira e o mesmo pase a ser de titularidade pública tanto polo seu valor patrimonial como para seguir prestando atención residencial @s nos@s maiores.

Mais o Partido Popular na Xunta de Galiza nen se preocupou nen se ocupou, non fixo absolutamente nada para adquirilo.

Entre a veciñanza de Cambados existe moita preocupación porque hai uns días comunicouselle as familias o peche inminente, e polo tanto que as 53 persoas que alí viven teñen que buscar outra residencia, ademais dun ERE extintivo para as 29 persoas que teñen alí o seu posto de traballo.

O BNG considera inadmisíbel que diante desta información a conselleira de Política Social se limite a dicir que estará vixilante de que se reubiquen as persoas maiores. Os nosos maiores non son mercadoría a recolocar, despois dunha vida de traballo teñen dereito a unha vellez digna, preto da súa familia e no seu entorno.

A prioridade ten que ser evitar eses traslados e polo tanto o desarraigo, que vai supor soidade e deterioro dunhas persoas en total vulnerabilidade.

A Xunta é a administración que ten as competencias, os recursos, e a responsabilidade de garantir prazas residenciais para @s nos@s maiores.

É a quen lle corresponde liderar a compra deste pazo, e ten o deber e ferramentas para facelo:

A Xunta de Galiza está a drenar inxentes cantidades de diñeiro público cara empresas privadas relacionadas coa dependencia, con empresas especialmente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

beneficiadas como Domus VI. Nos orzamentos da Xunta para o ano 2025 destina 190 millóns de euros a empresas privadas para concertos, prazas privadas, bonos... polo que ten recursos para mercar o Pazo de Montesacro

O Pazo de Montesacro é ben de interese cultural, toda vez que forma parte do casco histórico de Cambados, declarado como tal no ano 2001. A Lei de Patrimonio Cultural de Galiza no seu artigo 49 di:

Artigo 49. Dereitos de tanteo e retracto

1. Calquera pretensión de transmisión onerosa da propiedade ou de calquera dereito real de disfrute dos bens de interese cultural deberalle ser notificada, de forma que faga fe, á consellaría competente en materia de patrimonio cultural con indicación do prezo e das condicións en que se propoña realizar aquela. En todo caso, na comunicación da transmisión deberá acreditarse tamén a identidade da persoa adquirente.

2. Os que realicen poxas que afecten calquera ben de interese cultural deberanllo notificar igualmente e coa suficiente antelación, nos termos establecidos no número 1.

3. A Xunta de Galicia dispoñerá dun prazo de tres meses para exercer o dereito de tanteo para si ou para outras institucións públicas ou entidades privadas sen ánimo de lucro, tendo preferencia a Xunta de Galicia en caso concorrencia de intereses. Obrigarase a pagar o prezo convidado ou o de remate da poxa.

No caso dos bens de interese cultural de carácter territorial das categorías do artigo 10, o exercicio do dito dereito limitarase aos inmobles individualmente inscritos no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galiza.

4. Se a pretensión de transmisión e as súas condicións non foren notificadas correctamente, poderase exercer, nos mesmos termos previstos no punto anterior, o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dereito de retracto, no prazo dun ano a partir da data en que se teña coñecemento das condición e do prezo do alleamento.

A mesma lei establece no artigo 39:

Artigo 39. Autorizacións

1. As intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento, terán que ser autorizadas pola consellaría competente en materia de patrimonio cultural, coas excepcións que se establecen nesta lei.

A utilización dos bens declarados de interese cultural ou catalogados quedará subordinada a que non se poñan en perigo os valores que aconsellan a súa protección, polo que os cambios de uso substanciais deberán ser autorizados pola consellaría competente en materia de patrimonio cultural.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que opinión lle merece que a Xunta de Galiza non creara nin unha soa praza pública para residencias de maiores desde o ano 2009?

Ten realizado algunha actuación a Xunta para adquirir o Pazo de Montesacro tras coñecer a intención dos propietarios de vendelo?

Ten avaliado a repercusión da perda das 70 prazas de residencia das que dispón?

Que alternativas está estudando?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai aproveitar a oportunidade que supón a súa venda para adquirilo para o patrimonio público e adicalo a residencia pública para a veciñanza de Cambados e do Salnés?

Parécelle normal que a comarca do Salnés, con aproximadamente cen mil habitantes, non conte con ningunha residencia de maiores pública?

Que actuacións vai realizar para impedir que as 53 persoas que alí viven sexan enviadas a residencias lonxe do seu entorno e dos seus familiares.

Vai facer valer o dereitos de tanteo e retracto, recollido no artigo 49 da Lei de Patrimonio Cultural de Galiza, no caso de que a orde relixiosa propietaria do Pazo de Montesacro tivera vendido o mesmo?

Comprométese a non autorizar o cambio de uso, dotacional asistencial, nos termos que establece o artigo 39 da mencionada lei, para que o mesmo siga como residencia de maiores?

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2024

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 19/11/2024 09:28:07

Iria Carreira Pazos na data 19/11/2024 09:28:22





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2024 11:44:28
Nº Rexistro: 14702
Data envío: 19/11/2024 11:44:28.264

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

A cidade de Ourense conta con só dous centros sociocomunitarios dependentes da Xunta de Galicia. Un asentado na rúa Concello num. 4 e o segundo centro Sociocomunitario de Pontepelamios sito na praza do Gaiteiro s/n no barrio das Camelias. Estes servizos constitúen un punto de encontro para os veciños e veciñas de maior idade.

En relación co centro Pontepelamios a oferta coa que conta se foi reducindo de maneira paulatina chegando agora á situación de pechar as fins de semana e festivos. Sendo o único local do que dispoñen os destinatarios deste barrio de Ourense para socializar, compartir experiencias e mellorar as condicións de vida e autonomía.

O peche deste centro as fins de semana e festivos, para o Grupo Parlamentario Socialista constitúe unha decisión totalmente desacertada que ten que ser reconsiderada pola Xunta de Galicia retomando a apertura nas fins de semana e festivos, incrementando o persoal preciso e a actividade para cumprir os obxectivos para o que foron creados e incrementando.

Ante esta situación, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Vai a Xunta de Galicia pór as medidas precisas para recomezar a actividade do centro sociocomunitario as fins de semana e festivos?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2024 11:44:28
Nº Rexistro: 14702
Data envío: 19/11/2024 11:44:28.264

2. Como valora a Xunta de Galicia que só un centro comunitario en toda a cidade de Ourense teña actividade as fins de semana e festivos?
3. Entende que esta oferta é suficiente para a cidade de Ourense?
4. Que causa motivou que o centro Pontepelamios permaneza pechado as fins de semana e festivos?
5. Con canto persoal conta o centro?
6. Considera a Xunta de Galicia que o persoal asignado é suficiente para a apertura nas fins de semana e festivos?
7. Vai o Goberno galego incrementar a súa actividade e procurar a apertura da cafetería do centro?
8. Vai o Goberno galego a aumentar o persoal preciso para a apertura nas fins de semana e festivos?

Parlamento de Galicia, 19 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 19/11/2024 10:44:57

Elena Espinosa Mangana na data 19/11/2024 10:45:08

Silvia Longueira Castro na data 19/11/2024 10:45:18

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

51143

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as mudanzas introducidas pola Xunta de Galiza na Lei de servizos sociais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A través da Lei de medidas fiscais e administrativas que acompaña a tramitación dos Orzamentos da Xunta para 2025, o Goberno galego introduce a reforma da Lei de servizos sociais de Galiza para incorporar a ella un novo Título que regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do SAAD co obxectivo específico de tramitar de maneira conxunta o recoñecemento da dependencia e a valoración do grao de discapacidade.

Esta mudanza, que non foi obxecto de consulta nin debate no seo do Consello Galego de Benestar Social (CGBS), viuse tamén modificada – e de maneira moi extensa-- pola vía das emendas do Grupo parlamentario Popular no proceso de tramitación da Lei de medidas.

É máis, a mudanza introdúcese apenas un ano despois da aprobación DECRETO 142/2023, do 21 de setembro, polo que se regulan o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes; e antes de se aprobar a Orde que debe desenvolvelo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais, introduce mudanzas substanciais en canto á normativa anterior elaborada apenas un ano antes. Cambios substanciais como, por exemplo, a redución do prazo máximo para que a persoa solicitante achegue documentación requirida até os 10 días, cando o Decreto 142/2023 fixaba tres meses para dar por arquivada ou desistida a petición.

O persoal técnico das Equipas de Valoración e Orientación leva desde 2023 tentando adaptarse aos cambios introducidos na normativa co obxectivo de axilizar os procesos de tramitación, sen máis recursos para facelo. Agora, apenas un ano despois da publicación do Decreto 142/2023, a Xunta modifica a lexislación e introduce procedemento conxunto de discapacidade e dependencia apelando á coordinación entre o persoal dos dous ámbitos mais sen achegarlles nin protocolos, nin ferramentas, nin ningún recurso novo para o facer.

Para o Bloque Nacionalista Galego o procedemento en si polo que se impulsou a reforma é inadmisíbel pois furta o necesario –diríamos imprescindible-- debate político e social arredor dun asunto de tanta relevancia que afecta a milleiros de galegas e galegos e aos seus dereitos fundamentais.

É evidente que urxe garantir o cumprimento dos tempos e prazos legalmente establecidos no proceso de tramitación da dependencia e de recoñecemento do grao da discapacidade pois a listaxe de agarda representan a vulneración dos dereitos fundamentais das persoas que as integran.

A fórmula para conseguir cumprir os prazos de tramitación radica na dotación de recursos suficientes para facelo a través da ampliación e reforzo das Equipas de Valoración e Orientación. Porén, nin a conselleira de Política Social na comparecencia de orzamentos nin o proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas prevén ese incremento de recursos humanos e materiais. Máis ao contrario, inclúese na Lei de acompañamento medidas que van en contra dos dereitos das persoas que se sometan a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

estes procesos de valoración e que poderían supor unha sobrecarga aínda maior dun sistema xa saturado.

Así mesmo, abre a porta a que mutuas privadas poidan desenvolver o traballo propio do persoal público en aras dunha maior axilidade, segundo aparece recollido no texto.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Por que a Xunta de Galiza impulsou unha mudanza de tanto calado sobre a valoración da dependencia e da discapacidade sen consulta previa do Consello Galego de Benestar?
- Por que impulsou esa reforma cunha Lei de acompañamento aos Orzamentos?
- Cre a Xunta de Galiza que as medidas propostas van cumprir cos obxectivos aos que din responder sen ampliar e reforzar os EVO?
- Vai ampliar e reforzar os EVO o Goberno galego, de ser así, de que maneira vai facelo?

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Ariadna Fernández González

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 19/11/2024 17:17:57

Ariadna Fernández González na data 19/11/2024 17:20:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a desaparición do Bono Deporte da Xunta de Galiza no proxecto de orzamentos de 2025.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos orzamentos de 2025 elaborados pola Xunta de Galiza, na partidas destinadas á promoción do deporte hai unha cuestión que salta á vista, unha caída orzamentaria moi considerable de perto de 17 millóns de euros. Un montante que se corresponde, case exactamente, co 'Bono Deporte' aprobado e anunciado pola Xunta en 2024, ano electoral e que no proxecto de orzamentos de 2025 desaparece.

Desde o Grupo Parlamentar do BNG parécenos cando menos sorprendente que sendo o Bono deporte unha medida da que o Goberno galego presumiu até a saciedade ao longo dos últimos tempos, desapareza para o ano. Isto fainos cuestionarnos se, como tememos, o Bono deporte foi simplemente unha medida con visos a conseguir rédito electoral ou se realmente e loita desde a Xunta pola promoción do deporte na sociedade galega.

Non se entende senón o motivo polo que desde a Xunta fan desaparecer esta medida que, segundo dicían desde o Executivo galego, funcionou moi positivamente entre a sociedade do país. Desde o Bloque consideramos que a promoción do deporte de base, o máis proveitoso para calquera sociedade, non está a ser tomada con toda a seriedade que require e pedimos á Xunta que execute, en serio, medidas de fomento da práctica deportiva en Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita

- Por que desaparece no proxecto de orzamentos de 2025 o ‘bono deporte’?
- Que avaliación fai o Goberno galego do ‘bono deporte’ durante o tempo que existiu?
- Foi unha medida electoralista a do ‘bono deporte’?
- Cre a Xunta que o ‘bono deporte’ serviu para fomentar o deporte base en Galiza?
- Considera o Goberno galego que as medidas que está a implementar en materia deportiva están a funcionar realmente?

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2024

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 19/11/2024 17:34:05

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/11/2024 17:36:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas, Rosana Pérez Fernández e Luis Bará Torres, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a execución do novo vial de acceso ao Porto da Guarda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O porto da Guarda, dependente da entidade pública empresarial Portos de Galiza, desenvolve unha actividade económica fundamental para a localidade, nomeadamente destacan a actividade pesqueira e a fabricación e reparación de redes, esta última desenvolvida exclusivamente por mulleres.

Embarcacións de arte menores, con capturas específicas como polbo ou percebe, explotación de novos recursos como o ourizo e as algas, a instalación dunha nave para a confección de redes, que favorece o acceso ao mercado laboral das mulleres nunhas condicións dignas, amosan a puxanza da actividade económica vinculada ao porto.

Así e todo, como todo porto, desenvólvese neste o tránsito de vehículos pesados no contexto de transporte de mercadorías principalmente. Polo tanto, dispoñer dun acceso rápido, áxil, operativo e directo faise unha necesidade para correcto desenvolvemento do porto marítimo máis ao sur do país.

Esta necesidade de mellorar a comunicación do porto é unha demanda histórica da localidade. Xa no ano 1993 o PXOM tiña previsto a realización desta infraestrutura que consideraba estratéxica para o correcto desenvolvemento do porto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Con todo, o acceso que se viña desenvolvendo pola Estrada Provincial EP-3401, rúa Concepción Arenal, comeza a facerse inoperativa a partir do 2017 coa reconversión a vía urbana e coa posterior peonalización da mesma a favor dunha mobilidade máis sostible e humana na vila.

Este feito fai difícil a convivencia co tránsito de acceso ao porto, nomeadamente do tráfico máis pesado, coas veciñas e veciños da Guarda.

No ano 2018 redáctase un proxecto para a realización da conexión do porto da Guarda coa estrada PO-552, elaborado pola Deputación de Pontevedra, do que a propia entidade mercantil Portos de Galiza ten coñecemento, cun investimento previsto de preto de 2,5M€ e do cal se resolveu dende a Consellería de Medio Ambiente unha avaliación ambiental simplificada favorable ao desenvolvemento deste proxecto.

Aínda con todo, o propio Goberno Galego decidiu excluírse das competencias en infraestruturas e portos e deixar aparcado este proxecto durante anos.

Co proxecto de orzamentos para o ano 2025, consolídase a falta de iniciativa o Goberno Galego de desenvolver esta infraestrutura imprescindible para o desenvolvemento económico da Guarda con apenas unha partida de 50.000€ que pouco van materializar desta tan necesaria conexión.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Ten pensado o Goberno Galego desenvolver o novo vial de acceso ao Porto da Guarda nesta lexislatura?
- Considera suficiente a partida orzamentaria adicada a este vial de acceso por Portos de Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Porque o Goberno Galego non favoreceu o desenvolvemento desta infraestrutura durante este anos?

- Comprométese o Goberno Galego a establecer diálogo con tódolos axentes afectados e implicados para poder executar este vial de acceso ao porto?

- Considera que o proxecto presentado pola Deputación de Pontevedra se axeita ás necesidades que ten o Porto da Guarda? Porque non cooperou o Goberno Galego na súa execución?

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2024

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

Rosana Pérez Fernández

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 20/11/2024 11:26:39

Rosana Pérez Fernández na data 20/11/2024 11:28:01

Luis Bará Torres na data 20/11/2024 11:28:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, Mercedes Queixas Zas, Alexandra Fernández Gómez e Xosé Manuel Golpe Acuña, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o poboado de Fontao.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O poboado de Fontao, no concello de Vila de Cruces, foi levantado no 1954 para ser, ao comezo, a residencia dos traballadores da mina que leva o mesmo nome, arredor da cal se construíu este núcleo urbano, no que viviron entre o 1939 e o 1945 arredor de 3000 habitantes, para os que se construíron colexios, cines, vivendas e outro tipo de servizos, conformando unha obra de gran valor e singularidade do patrimonio moderno.

A mina de Fontao foi unha explotación de estaño e wolframio, adquirida a finais do século XIX por Henry Winter Bunbury, que se fixo cun complexo mineiro que abasteceu de minerais á industria dedicada ao material bélico fronte á escalada internacional armamentística durante case un século e que sufriu dous ceses de actividade. No 1921 a parada debeuse á caída de prezo do mineral e no 1932 foi pola grave crise do Crack do 29, continuando de xeito ininterrompido ate os anos 70. Tras unha etapa dourada, a forte caída do wolframio especialmente e o traslado das explotacións a rexións de Africa e Asia provocou o peche da mina en 1963.

Despois de anos de abandono o poboado de Fontao, duns 30.000 m2 foi adquirido, tanto os edificios coma os terreos, pola Xunta de Galiza a través do IGVS no





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ano 2000 por valor de 940.485,16 euros, aínda que outra parte dese conxunto patrimonial industrial continúa a estar en mans privadas na actualidade. Posteriormente creouse un plan especial para a súa recuperación que se aprobou un par de anos despois, no 2002, no que o investimento ascendeu a 9,3 millóns de euros traballando en dúas fases; a primeira delas destinada á rehabilitación de edificios de vivendas para o que se precisaron 6163189,77 euros e grande parte da urbanización, mentres na segunda se dedicaron á rehabilitación de edificios dotacionais e o seu equipamento e á mellora da urbanización existente 2.204.822,61 euros.

Foi no 2004 cando se rematou a rehabilitación das vivendas, que logo se adjudicaron, a finais dese mesmo ano como vivendas de protección autonómica, en réxime de alugueiro con opción a compra. Tanto a escola coma o cine ou a igrexa foron cedidos sen custe ao concello de Vila de Cruces por parte do Instituto Galego de Vivenda e Solo, dedicadas a ser locais dispoñibles para asociacións veciñais e outros usos tales como os administrativos, culturais e sociais ou ao museo mineiro, por exemplo. Este antigo cine reconvertido en museo comezou a funcionar no 2012, mais a falla de persoal dificulta a visita, sen ser periódica, e que leva consigo o deterioro das instalacións, derivado de fondos escasos e descontextualizados. Esta cesión gratuíta estendeuse en 2005 aos terreos do poboado de Fontao non ocupados por edificacións, tales coma viais, zonas verdes, prazas de aparcadoiro, entre outras, lembrando que se trata dun dos seis núcleos con máis habitantes de Vila de Cruces.

A importancia de Fontao foi recoñecida pola Asociación Galega de Patrimonio Industrial e polo Comité Internacional para a Conservación do Patrimonio Industrial coma un dos cen bens máis importantes do Estado Español a conservar. Tamén no ano 2012, este poboado do municipio de Vila de Cruces, foi recoñecido con motivo do Día Mundial da Arquitectura e foi asemade incluído no Plan Nacional do Patrimonio Industrial. Mais, a pesares disto, de todos aqueles que valorizaron o poboado e as minas de Fontao o seu estado é lamentable, reinando o desleixo en ambos casos. De todo o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

complexo mineiro de Fontao e o patrimonio que isto implica ,o PXOM planea amparar dous inmobles unicamente que están dentro de Sidón, a concesión máis próxima ao poboado e que son a casa do enxeñeiro e a de dirección e oficinas, supoñendo o 16% do que a veciñanza reivindica e sendo actuacións que se atopan co atranco da falla de acordo co propietario.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Conta a Xunta de Galiza, a través da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, con impulsar un plan para a recuperación e posta en valor do patrimonio industrial do poboado mineiro de Fontao, no concello de Vila de Cruces? De ser así, cando se vai poñer en marcha?
2. De cando datan os derradeiros contactos da Xunta de Galiza co propietario das minas de Fontao?
3. Vanse destinar fondos por parte da Xunta de Galiza ao museo mineiro de Fontao para permitir a súa apertura de xeito periódico?
4. Establecerán liñas de comunicación entre o poboado de Fontao e Vila de Cruces e os municipios veciños que permitan desprazarse á veciñanza dende este núcleo aos limítrofes de xeito que se mellore a autonomía dos que alí residen, con especial énfase no caso daqueles que habitan vivendas de protección autonómica?

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Ariadna Fernández González

Mercedes Queixas Zas

Alexandra Fernández Gómez

Xosé Manuel Golpe Acuña

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 20/11/2024 16:54:55

Mercedes Queixas Zas na data 20/11/2024 16:55:05

Alexandra Fernández Gómez na data 20/11/2024 16:55:14

José Manuel Golpe Acuña na data 20/11/2024 16:55:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Valcárcel Armesto e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a asistencia médica no centro de saúde do concello do Páramo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo os datos do Instituto Galego de Estatística (IGE) no Páramo viven 1.308 persoas. O Centro de Saúde deste concello conta actualmente cos seguintes servizos, de acordo coa información oficial do SERGAS:

- dúas prazas de medicina de familia
- unha praza de enfermaría
- unha praza de persoal administrativo

O servizo de pediatría recíbeno no centro de saúde de Sarria, a onde deben desprazarse tamén ás urxencias (PAC) ou no da Pobra de San Xiao, porén neste último só pasa consulta os venres.

Desde hai meses só se atopa cuberta unha das prazas de médico que, alén do máis, está a piques de se xubilar. A outra praza atópase vacante o que deixa o centro de saúde apenas cunha médica boa parte da semana pois o SERGAS non garante a cobertura desoutra praza a maioría dos días.

A veciñanza do Páramo vén amosando unha importante preocupación pola mingua do servizo sanitario ao non contar coas dúas prazas de médica/o cubertas mais





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tamén polo futuro do propio centro de saúde toda vez que a única médica titular que continúa prestando asistencia sanitaria de maneira estábel prevé xubilarse a máis tardar o próximo ano.

Desde o Bloque Nacionalista Galego compartimos a preocupación veciñal pois situacións semellantes vividas noutros concellos rurais demostran que o goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza non dubida en deixar baleiras e mesmo recortar prazas de médicas e médicos especialmente en localidades pequenas obrigando a poboación a desprazarse a outras vilas para recibir asistencia sanitaria.

Para o BNG é fundamental que servizos públicos esenciais como a sanidade e a educación se manteñan coa máxima calidade en todo o País pero máis aínda nos concellos rurais pois o peche ou mingua destes non fai máis que afondar no despoboamento. Non pode pregoarse o compromiso co rural e logo converter a vida das persoas que viven nel nunha carreira de obstáculos á hora de recibir prestacións básicas, como a sanitaria.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Vai cubrir de maneira estábel a Xunta de Galiza a praza que actualmente está vacante do centro de saúde do Páramo?
- Que previsións ten a Consellaría de Sanidade sobre o futuro da outra praza tendo en conta a proximidade da xubilación da persoa titular?
- Vai manter o SERGAS as dúas prazas de persoal facultativo no centro de saúde do Páramo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Montserrat Valcárcel Armesto
Montserrat Prado Cores
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 21/11/2024 12:34:20

Montserrat Valcárcel Armesto na data 21/11/2024 12:34:47

María Montserrat Prado Cores na data 21/11/2024 12:35:05





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2024 13:07:47
Nº Rexistro: 14786
Data envío: 21/11/2024 13:07:47.775

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

En Galicia houbo 60.366 estranxeiros en activo ao longo do pasado 2023. Cifra récord, como recollen os datos que acaba de presentar a Axencia Tributaria. O seu salario medio anual situouse en 14.912 euros, tras unha alza do 10,3 % en comparación coa remuneración de 2022 (13.520 euros). A pesares de que o repunte entre os foráneos (8,9% en 2022 e 7,3 % en 2021) leva tres exercicios por encima do incremento entre os españois (5,7 % en 2023, 6 % en 2022 e 4,6 % en 2021), a fenda por nacionalidade segue sendo inmensa. Os migrantes cobran un 37,2 % menos.

Ademais, no seu caso si se notaron con moita intensidade os efectos do coronavirus: o seu soldo medio anual mingou o 4,7 % en 2020 e o do resto deixou un morno ascenso do 0,3 %.

A diferenza nas nóminas ten moito que ver coas actividades con maior contratación de foráneos. Ao redor de 12.800, o 19 %, traballa en hostalería, que ten unha das bases de cotización máis baixa. O 13,2 % (8.800) está en comercio e reparación de vehículos; o 10,5 % (7.000) en construción; o 9,4 % (6.300) en industria manufactureira; o 6,7 % (4.900) en transporte e almacenamento; o 6,5 % (4.300) son empregadas do fogar; e o 6,2 % (4.100) en sanidade e servizos sociais.

A participación dos migrantes na industria é moi pequena e o mesmo acontece cos servizos de maior cualificación.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

51160

@PSdeG



CSV: BGRSDRBDqApsDXXy2q4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2024 13:07:47
Nº Rexistro: 14786
Data envío: 21/11/2024 13:07:47.775

Os inmigrantes teñen menores taxas de ocupación, con diferenzas maiores para as mulleres. A combinación de ambas provoca que a metade dos migrantes en Galicia estean en risco de pobreza

O Grupo Parlamentario Socialista entende que o fluxo migratorio está a paliar moitas eivas, tanto no mercado laboral como na demografía. Así mesmo, entendemos que debe o Goberno galego pór medidas para loitar e eliminar a fenda salarial e a precariedade que sofren e a temporalidade na contratación, polo que as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Que medidas vai adoptar o Goberno galego para diminuír a fenda salarial que padece a poboación migrante na nosa comunidade autónoma?
2. Fixo o Goberno galego algún estudo sobre o mercado laboral galego en relación coa poboación migrante?
3. De ser positiva a resposta, cales son as conclusións extraídas?
4. Que medidas se van implantar para loitar contra a precariedade que padecen?
5. Que plan de formación para parados e para ocupados se vai planificar para este sector da poboación?

Parlamento de Galicia, 20 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 20/11/2024 13:46:34

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

51161

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2024 13:07:47
Nº Rexistro: 14786
Data envío: 21/11/2024 13:07:47.775

Elena Espinosa Mangana na data 20/11/2024 13:46:44

Silvia Longueira Castro na data 20/11/2024 13:46:54

CSV: BGRSDR93ApsDXXy2q-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

51162

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2024 13:20:23
Nº Rexistro: 14791
Data envío: 21/11/2024 13:20:23.734

Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Neste inicio do curso 2024-2025 atopámonos con distintas problemáticas en numerosos centros da comunidade galega que afectan na maioría dos casos á redución de efectivos de profesorado especialista, ademais das insuficiencias dos servizos complementarios. Estas incidencias están sendo denunciados polos representantes das ANPA e os equipos directivos que o achacan á falta de compromiso e de responsabilidade da consellería de Educación cara á situación dos centros públicos de educación.

Aseguran que o goberno da Xunta de Galicia mostra unha actitude de desleixo cara ao ensino público e unha falta de escoita da comunidade educativa que, apuntan, se atopa indignada por non recibir respostas sobre as problemáticas que están a xurdir desde comezo do curso.

A ANPA Beiramar do CPI Atios de Valdoviño vén de reclamar insistentemente que a Consellería de Educación cubra as deficiencias que neste momento están a sufrir no desenvolvemento da actividade académica, focalizada na dotación de recursos docentes e no servizo de comedor.

No primeiro caso, denuncian que a Consellaría está a incumprir as súas propias promesas xa que non se incorporou o docente de apoio para o ciclo de Infantil que lles correspondería, e que se cubra a praza do docente de Pedagogía Terapéutica, que está vacante desde finais do pasado curso.





No caso do servizo de comedor, denuncian que debido ao reducido número de prazas, non se garante o acceso ao servizo de comedor no CPI Atios por parte dos nenos e nenas residentes en Valdoviño; neste momento 18 alumnos empadroados queden fóra mentres outros estudantes doutras localidades asisten a este servizo fundamental para a conciliación coas actividades laborais dos pais e nais. Piden, por tanto, que a Xunta incremente as prazas para que todo o alumnado que o precise poida utilizar o servizo. Piden ademais que a Xunta recupere a gratuidade do comedor para o alumnado que está obrigado a utilizar o comedor do centro pola ausencia de transporte público, como é o caso dos residentes en Loira, Pantín, Vilarrube e Vilaboa, e tamén, para aquelas familias que solicitaron praza nas unitarias e quedaron fóra non se vexan obrigadas a abonar a contía máxima do copago.

Ante estas solicitudes, a Consellería de Educación, a través do seu Delegado Territorial, ignora as peticións de reunión trasladadas e nin sequera se poña ao teléfono para abordar a situación, maxime cando acudía recentemente ao propio centro sen falar cos pais e nais e buscar solucións.

Ante esta situación, o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Está dotado adecuadamente el CPI de Atios de Valdoviño en profesorado de apoio e especialista en PT?
2. Que medidas adopta a Xunta de Galicia para garantir que todos os nenos e nenas que precisan comedor residentes en Valdoviño poidan utilizar o comedor do CPI Atios?
3. Que tipo de axudas están dipoñibles para os estudantes que non dsipoñen de servizo de transporte público e se ven forzados a utilizar o servizo de comedor?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2024 13:20:23
Nº Rexistro: 14791
Data envío: 21/11/2024 13:20:23.734

Parlamento de Galicia, 21 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 21/11/2024 13:18:18

Silvia Longueira Castro na data 21/11/2024 13:18:30

CSV: B0PISDR0CJN7LqZkYy2q-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

51165

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2024 13:31:10
Nº Rexistro: 14795
Data envío: 21/11/2024 13:31:10.288

Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Fraga e Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Reiteradamente vimos de preguntar nesta Cámara, como pensa o Goberno da Xunta de Galicia axilizar a tramitación burocrática para que os usuarios e as súas familias poidan solicitar os recursos e axudas da Lei de autonomía persoal. Toda vez que a Xunta anunciou, en abril de 2023, que tomaría medidas para axilizar os períodos de tramitación e a eliminación de burocracia.

“El objetivo es reducir el papeleo, eliminar duplicidades y acelerar el tiempo hasta que el dependiente recibe la prestación”, indicaba Alfonso Rueda.

Ao parecer, estas medidas formaban parte dun “Plan de choque da dependencia que ten en marcha a Xunta, e que “auguraban” vai cambiar “substancialmente” o procedemento para obter a valoración do grao de dependencia ou a prestación correspondente.

O decreto incide en tres aspectos fundamentais: redución do número de documentos que deben presentar as persoas interesadas en obter un recoñecemento de dependencia. Segundo Rueda, “de presentar unha ducia de documentos pasarase a dous: un informe médico e un informe social”.

En segundo lugar, unifica nun só procedemento os dous que se requiren agora para obter un recurso de dependencia: o de solicitude de recoñecemento de grao e o Programa Individual de Atención (PIA).

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

51166

@PSdeG





En último lugar, redefínese o concepto de PIA. O programa levará aparellado unha prestación económica pública e tamén alternativas de servizo no caso de que a primeira opción non conte con prazas dispoñibles nese momento.

Continuaba o señor Rueda anunciando que o novo decreto tamén conta con “outras” melloras para axilizar e facilitar o traballo de profesionais públicos que valoran a dependencia, como crear novos centros de valoración ou facilidades para xustificar copago dos bonos de residencia, centros de día, axuda no fogar ou asistente persoal. E a redución no papeleo para percibir a axuda por coidador na contorna familiar.

En conclusión, as listas non diminuíron, senón que se incrementaron. A espera para ingresar nunha residencia continúa a aumentar. E os traballadores do sistema están ateigados sen solucións á vista. E a realidade é que chegaron a poñer en contra até ao Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia que levan anos reclamando o reforzo dos equipos de valoración, indicando que o reforzo non pode ser puntual, xa que o problema na espera é un problema estrutural.

Ademais, seguimos á espera de que se constrúa unha estratexia de Servizos Sociais, xa que medidas como os bonos o que fan e crear expectativas que despois non poden cumprirse. E producen un queime nos profesionais que non só teñen que dar resposta á frustración das persoas usuarias senón a volumes de traballo inasumibles. Realizar estas modificacións, sen contar coas persoas profesionais do eido social e sanitario, é un atraso para os dereitos das persoas usuarias.

Con tal motivo, as deputadas que asinan querén coñecer en resposta escrita a contestación á seguinte pregunta:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2024 13:31:10
Nº Rexistro: 14795
Data envío: 21/11/2024 13:31:10.288

Cales foron as medidas reais que desde a Consellería de Benestar puxeron en marcha para dar resposta á espera que sofren as persoas usuarias que están á espera dos dereitos que establece a Lei de autonomía persoal?

Parlamento de Galicia, 21 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 21/11/2024 13:29:03

Elena Espinosa Mangana na data 21/11/2024 13:29:15

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

51168

@PSdeG



CSV: B0PISDRPQj4nRkXgfyZq-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Existe unha gran diversidade de solucións que facilitan a transición cara a un sistema enerxético baixo en emisións. Dentro desta diversidade de actores aparece por primeira vez a nivel Europeo, o 30 de novembro de 2016 (Directiva COMO (2016) 864), a figura de Comunidade Enerxética.

Segundo o Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) entidade dependente do Ministerio de Transición Ecolóxica, competente na materia para a transposición das Directivas Europeas 2018/2001 e 2019/944 ao Regulamento español, unha comunidade enerxética local é “unha nova figura na cadea de valor socioeconómico do sector enerxético e un novo actor no gran abanico do escenario da transición enerxética. O seu papel reside en facilitar a participación proactiva dos amplos sectores da sociedade sobre a cadea de valor da enerxía, sempre desde unha posición local en canto ao territorio onde operan e en canto ao beneficio socioeconómico que xeran”.

Unha vez trasposta a definición das directivas ao ordenamento xurídico español, a Comunidade de Enerxías Renovables (CER) defínese e ten que cumprir os seguintes requisitos:

- Ser unha entidade xurídica de participación aberta e voluntaria.
- A entidade está controlada efectivamente polos seus socios ou membros (non hai un socio maioritario).





- O seu obxectivo é brindar beneficios sociais e ambientais nas zonas onde opera (ámbito).
- A entidade non persegue unha finalidade de obter ganancias financeiras (repartir dividendos).
- Os activos son propiedade da entidade xurídica Comunidade.
- Os socios ou membros sexan persoas físicas, pemes ou autoridades locais, incluídos os municipios.

As actividades principais con impacto social e ambiental que pode desenvolver unha comunidade enerxética local son:

- Xeración de enerxía principalmente procedente de fontes renovables.
- Prestación de diferentes servizos como a subministración, intercambio, asesoramento ou almacenamento de enerxía aos membros.
- Prestación de servizos de eficiencia enerxética.
- Prestación de servizos de recarga para vehículos eléctricos ou outros servizos enerxéticos.
- Todos poden participar no control enerxético do sistema.
- Participación social e mellora das condicións de vida en zonas rurais e urbanas.
- O uso de tecnoloxías limpas que xeran calor e/o electricidade ofrecen alternativas seguras, fiables, limpas e cada vez máis rendibles ás nosas necesidades enerxéticas, contribuíndo así a reducir as emisións de gases contaminantes e ao impacto negativo do cambio climático.
- Investimento en eficiencia enerxética, pobreza enerxética, iniciativas de solidariedade para garantir que ninguén queda atrás e que todos poidan beneficiarse do sistema enerxético, incluídos os máis vulnerables.
- Educación e capacitación para membros, escolares e / ou o público en xeral.
- Promoción da democracia enerxética e apoderamento cidadán.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2024 13:48:19
Nº Rexistro: 14804
Data envío: 21/11/2024 13:48:19.572

Así, podemos afirmar que as comunidades enerxéticas locais ofrecen a oportunidade de impulsar rapidamente a transición enerxética cara a un sistema enerxético renovable, descentralizado, democrático e resiliente.

Por todo isto, as deputadas que asinan queren coñecer en resposta escrita a contestación á seguinte pregunta:

Que medidas vai adoitar o Goberno galego para incentivar a participación da cidadanía nas comunidades enerxéticas locais e impulsar as vantaxes do autoconsumo compartido?

Parlamento de Galicia, 21 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 21/11/2024 13:44:17

Lara Méndez López na data 21/11/2024 13:44:28

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

51171

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 14810
Data envío: 21/11/2024 14:07:17.573

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Tras o Consello da Xunta de Galicia de data 11 de novembro o Presidente Rueda anunciaba unha medida segundo as súas verbas “pioneira “ no Estado que consiste en “afinar as listas de emprego”, dando luz verde a un procedemento sancionador que se seguirá “contra” os usuarios inscritos como parados no SPEG.

Sinalaba en rolda de prensa que durante o mes de outubro contactarase con todos os inscritos para que asinen o acordo de actividade.

Desde o Grupo Parlamentario afirmamos que a pretensión do Goberno galego en adelgazar as listas de desemprego non é nova, sendo presidente Feijóo, xa o Grupo Socialista destapaba situacións similares.

Esta iniciativa que anuncia agora o presidente comezaba xa antes da aprobación da medida, en xuño de 2023, co resultado da baixa de 10.400 desempregados de longa duración das listas.

Certo é que o Goberno galego actúa contra os parados e paradas galegos, obvia as obrigacións da Consellería de Emprego en relación cos desempregados e desempregadas, empezando como se di de forma coloquial a casa polo tellado porque non se pode realizar o compromiso de actividade que indican sen antes actualizar todos os currículos dos demandantes de emprego e conforme a este realizar un itinerario personalizado de inserción

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

51172

@PSdeG





laboral polo orientador laboral. Sobre esta cuestión as socialistas insistimos unha e outra vez tanto na pasada lexislatura como na actual.

Unha vez que se realice o Itinerario a Xunta de Galicia ten a obriga de derivar o desempregado aos cursos adecuados o seu perfil e que se adecúen ás necesidades do mercado laboral. Estas obrigas non se cumpren polo Goberno galego.

En conclusión, no lle importa a Xunta de Galicia dar os instrumentos establecidos na Lei de emprego, nin da actual, nin da anterior, o que lle ocupa e lle preocupou sempre é manipular e adelgazar as listas de emprego, para dar unha visión do mercado laboral galego ficticio.

Ante esta situación, as deputadas que asinan queren coñecer en resposta escrita a contestación ás seguintes preguntas:

1. A medida pioneira do Goberno galego en relación co emprego é simplemente adelgazar as listas de desemprego?
2. Vai a Xunta de Galicia realizar un chamamento a todos os parados e paradas para actualizar os seus currículos?
3. Pensa o Goberno galego cumprir a Lei de emprego dotando os parados e paradas de itinerarios personalizados de emprego?
4. Pensa o Goberno galego unha vez realizados os itinerarios personalizados de emprego a cada demandante ofertar os cursos de formación fixados no propio itinerario?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 14810
Data envío: 21/11/2024 14:07:17.573

5. Como vai a Consellería a desenvolver a tarefa anterior, con que medios por oficina de emprego?
6. Como pensa o Goberno galego planificar o deseño dunha formación adecuada ás necesidades do mercado laboral, con que instrumentos?
7. Con anterioridade a dar de baixa das listas de desemprego os 10.400 desempregados de longa duración chamáronse para actualizar o seu currículo? Realizou o SPEG o preceptivo itinerario personalizado e ofertáronse os instrumentos establecidos nel?
8. De non ser así, como se realizou o procedemento para dalos de baixa?
9. Foron chamados para asistir presencialmente ás oficinas do SPEG?
10. A cantos parados de longa duración se lles ofertou formación en competencias chave, con distribución por oficinas de emprego?

Parlamento de Galicia, 21 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 21/11/2024 13:56:23

Elena Espinosa Mangana na data 21/11/2024 13:56:33

Silvia Longueira Castro na data 21/11/2024 13:56:45

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

51174

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Noa Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a transfobia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cada 20 de novembro celébrase a nivel internacional o Día da Memoria Trans, unha data de lembranza das persoas trans que foron violentadas, chegando en moitos casos a seren asasinadas, pola súa identidade de xénero e a non adecuación a unha sociedade binarista e totalmente confesional co sistema sexo-xénero.

A aceptación do colectivo trans entre a sociedade non deixou de medrar nas últimas décadas, acadándose cada vez maiores cotas de representación nos medios e máis visibilidade para as activistas que loitan por levar á palestra política as reivindicacións do colectivo. Neste marco é posible imaxinar un futuro no que as persoas trans vivan en pé de igualdade co resto da sociedade, recoñecidas na súa plenitude, e non limitándose á tolerancia ou á aceptación.

Neste contexto, cómpre sinalar os avances que se foron dando, coma a aprobación a nivel estatal da Lei 4/2023, que se ben ten eivas que o BNG xa ten sinalado durante o seu trámite nas Cortes, tamén supón unha mellora na garantía dos dereitos do colectivo trans.

Mais infelizmente, o certo é que, de xeito case paralelo a este incremento na visibilización e na garantía de dereitos das persoas trans, tamén é importante sinalar a súa situación como alvo de numerosos ataques e discriminacións, tamén na Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Violencias que levan existindo moito tempo, mais que nos últimos anos podemos presenciar unha maior presenza en medios de comunicación e discursos públicos, amparadas por movementos dun perfil claramente reaccionario e que se opoñen á aprobación de medidas lexislativas que poidan mudar a realidade das persoas trans. A proliferación de desinformación e falsidades a través das redes sociais, acollidas e abrigadas desde certos estamentos públicos, tamén políticos, teñen un dos albos principais o dereito á modificación rexistral da mención ao sexo.

Unha destas fontes de discriminacións é a administración pública, algo que non debera suceder en ningún caso. As denuncias deste trato diferenciado son frecuentes no propio colectivo e atinxen a todas as administracións, englobando desde dificultades para ser tratades co nome escollido ata atrancos para acceder aos tratamentos preceptivos.

A Lei galega 2/2014 inclúe un único artigo específico referente á realidade das persoas trans, circunscibíndose exclusivamente a recoller (sic) a garantía da atención sanitaria, segundo a necesidade e o criterio clínico, das prácticas e para as terapias relacionadas coa transexualidade. A obsolescencia desta norma, o seu raquitismo e o seu escaso desenvolvemento e cumprimento, súmanse á falta doutros textos que recollan de xeito específico a situación das persoas trans.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- É consciente o goberno galego da situación que atravesan as persoas trans na Galiza?
- Considera que existe unha correcta inserción no mercado laboral?
- Cales son as medidas para evitar a discriminación e a transfobia na administración pública?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

– Cales son as medidas para contrarrestar a desinformación sobre as persoas trans e incrementar a sensibilización e o coñecemento sobre a realidade LGBT en xeral, e do colectivo trans en particular?

– Considera o goberno galego axeitado utilizar os dereitos das persoas trans como arma de confronto político?

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2024

Asdo.: Iria Carreira Pazos
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 21/11/2024 17:36:34

Noa Presas Bergantiños na data 21/11/2024 17:39:56

Olalla Rodil Fernández na data 21/11/2024 17:40:35



Asunto: Remisión contestación parlamentaria

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 6549**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e don Luis Bará Torres, sobre **“os indicadores que serven de base para fixar os prezos de venda e renda das vivendas de protección autonómica, o impacto do seu incremento no mercado libre e na accesibilidade e función social destas vivendas, así como sobre as medidas previstas pola Xunta para axustar os prezos de construción da vivenda protexida”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestructuras**, que ten o seguinte contido:

“A actualización dos prezos de venda das vivendas protexidas, incluída na resolución do 18 de xuño de 2024, realizouse tendo en conta os custes de construción de ditas vivendas, co obxectivo de facer viable a promoción das mesmas. Trátase de vivendas desenvolvidas por promotores privados e cooperativas, polo que resulta imprescindible garantir a viabilidade económica das mesmas. Os adquirentes desas vivendas contan con axudas directas da Xunta de Galicia para compensar o incremento do prezo das mesmas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 18/11/2024 18:34:34

CSV: B0P5DRBQz5fyUx4y2q.4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 6673**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Cristina Fernández Davila e outros deputados, sobre **“a eventual ampliación dos proxectos en marcha relativos á conexión ferroviaria da PLISAN (Plataforma Loxística Industrial de Salvaterra-As Neves) para incluír tamén o transporte de viaxeiros”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta promove o uso do transporte público como principal alternativa de mobilidade fronte ao coche, como unha das medidas estratéxicas para avanzar nun modelo de mobilidade máis verde, sostible e socialmente responsable.

Con respecto ao transporte ferroviario na Comunidade, o Goberno galego leva reclamando desde hai tempo ao Goberno central melloras nas infraestruturas e servizos.

Cabe lembrar que as competencias da Xunta en materia de transporte público corresponden co autobús interurbano. Neste ámbito, o Goberno galego avaliará a necesidade de reforzar as conexións de autobús con esta área loxística e industrial, de ser preciso”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

